

COLEXIO PLURILINGÜE SAN JOSÉ OURENSE

PLAN DE CONVIVENCIA 2023- 2024



1. ANÁLISE DA SITUACIÓN.	5
2. CARACTERÍSTICAS DO CENTRO.	10
3. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DO PLAN DE CONVIVENCIA.	14
4. DESCRICIÓN DAS ACTUACIÓNS PARA O FAVORECER A CONVIVENCIA.	16
5. PROTOCOLO PARA A PREVENCIÓN, DETECCIÓN E TRATAMENTO DAS SITUACIÓNS DE ACOSO ESCOLAR.	20
6. NORMAS DE CONVIVENCIA DO CENTRO, COA CONCRECIÓN DOS DEREITOS E DEBERES DOS DIFERENTES MEMBROS DA COMUNIDADE EDUCATIVA, ASÍ COMO UN PROTOCOLO QUE CONTRIBÚA Á DETECCIÓN OU AO INCUMPRIMENTO DESTAS.	20
7. ESTABLECEMENTO DAS CONDUTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA E DAS CORRECCIÓNS QUE CORRESPONDAN AO SEU INCUMPRIMENTO QUE, DE SER O CASO, SE APLICARÁN, DE CONFORMIDADE CO ESTABLECIDO NESTE DECRETO EN DESENVOLVEMENTO DA LEI 4/2011 E DEMAIS NORMATIVA QUE SEXA DE APLICACIÓN.	20
8. NORMAS ESPECÍFICAS PARA O FUNCIONAMENTO DA COMISIÓN DE CONVIVENCIA DO CENTRO.	23
9. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNA NO CENTRO, COAS FAMILIAS E CON OUTROS CENTROS EDUCATIVOS OU ORGANISMOS DO	

CONTORNO.....	25
10. ESTRATEXIAS PARA REALIZAR A DIFUSIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA.	26
11. PROCESOS DE SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN DE CONVI- VENCIA.	26
ANEXOS	27
ANEXO 1	28
PRINCIPIOS E FINS DA EDUCACIÓN.....	28
ANEXO 1 bis	30
Estatutos Europeos para os centros educativos democráticos e sen violencia:.....	30
ANEXO 2.....	31
FINS E PRINCIPIOS INFORMADORES DAS NORMAS SOBRE CONVIVENCIA NOS CENTROS DOCENTES.....	31
ANEXO 3.....	32
FINS E PRINCIPIOS INFORMADORES DAS NORMAS SOBRE PARTICIPACIÓN DIRECTA DAS FAMILIAS NO ENSINO E NO PROCESO EDUCATIVO.....	32
ANEXO 4a.....	33
DEREITOS: LOE/LOMLOE.....	33
ANEXO 4b.....	35
DEBERES: LOE/LOMLOE	35
ANEXO 10.....	36
DEREITOS E DEBERES DO PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E DE SERVIZOS. ..	36
ANEXO 11a:	38
ANEXO 11b:.....	40
NORMATIVA DO CENTRO.....	40
ANEXO 12.....	44
CUESTIONARIO DE CONVIVENCIA ESCOLAR NO CENTRO EDUCATIVO	44
ANEXO 13.....	46
CLIMA DA AULA.....	46
ANEXO 15.....	49
ANEXO 16.....	52
FUNCÍONS DO DELEGADO DE CLASE	52
ANEXO 17.....	53
Información de amoestacións/sancións.....	53
ANEXO 18 a NORMATIVA ABALAR.....	54
ANEXO 18 b NORMATIVA ABALAR	56

NORMATIVA PARA O PROFESORADO.....	56
ANEXO 19.....	57
PROTOCOLO DE ACOSO ESCOLAR.....	57
ANEXO 21.....	73
Horario de entrada.....	73
ANEXO 22.....	74
ANEXO 23.....	75
ANEXO 24.....	76
ANEXO 25.....	2
ANEXO 26.....	3

1. ANÁLISE DA SITUACIÓN.

NECESIDADE DUN PLAN.

O plan de convivencia do centro é o documento no cal se articula a convivencia escolar, que garante unha educación no exercicio dos dereitos e das liberdades dentro dos principios democráticos de convivencia, así como na prevención de conflitos e na súa resolución pacífica.

O plan de convivencia será elaborado pola comisión de convivencia ou, cando esta non estivese constituída, polo equipo directivo, e será aprobado polo consello escolar do centro. A elaboración do plan suporá a análise e valoración sobre os principais documentos organizativos e curriculares do centro e, de ser o caso, a súa actualización conforme o establecido neste decreto.

PLAN DE CONVIVENCIA: POR QUE? PARA QUE?.

O noso Plan de convivencia ten como marco de referencia:

1. Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.
2. Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.
3. Regulamento de Réxime de Interno.
4. Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.
5. Protocolo xeral de prevención, detección e tratamento do acoso escolar da Xunta de Galicia, de maio de 2013.
6. Protocolo Educativo para a Prevención e o Control do Absentismo Escolar en Galicia (31 de xaneiro de 2014).
7. Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia.
8. Protocolo de consenso sobre tdah na infancia e na adolescencia nos ámbitos educativo e sanitario. xuño 2014.
9. Protocolo de identidade de xénero. abril 2016.
10. Protocolo de prevención, detección e intervención do risco suicida no ámbito educativo. novembro 2017.
11. Instrución do 6 de setembro de 2019, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, para a elaboración de **plans de Igualdade no curso 2019/2020**, nos centros docente sostidos con fondos públicos de niveis non universitarios da Consellería de educación, Universidade e formación profesional.
12. ORDE do 23 de agosto de 2023 pola que se establece a figura da persoa coordinadora de benestar e convivencia nos centros docentes de Galicia.

Aprender a convivir forma parte das finalidades básicas da educación e constitúe un dos principais desafíos dos sistemas educativos actuais na procura de sociedades máis modernas, xustas e democráticas, nas que fenómenos como o acoso escolar e calquera tipo de violencia non teñan cabida.

Os centros educativos son espazos onde compartir vivencias xuntos, iso é a convivencia. Desde que cada alumno e cada alumna traspasa o seu limiar, todo canto alí acontece (**non só o que pasa dentro das aulas**) adquire carácter educativo e pode facilitar ou dificultar a convivencia. Cando nun centro xorden problemas de convivencia, **todas** as persoas da comunidade educativa deben ser parte da súa solución.

O noso obxectivo pon a énfase na mellora da convivencia: non se trata de atallar os problemas, senón de encontrar a maneira de previlos a través dun documento útil e realista adaptado ás características do modelo educativo de Siervas de San José e ás particularidades do Colexio San José de Ourense.

Que se entende por conflitividade nos centros.

Dado que moitos **conflitos** non se recoñecen ata que unha das dúas partes responde con **agresividade** ou **violencia**, estes tres conceptos confúndense a cotío, o cal é moi perigoso porque tendemos a pensar que o problema o xera quen explota, nós exculpámonos (non é o noso problema, senón doutro), sentímonos vítimas e esiximos reparación. No caso da outra parte, quen rebenta tende a pensar que a súa reacción estaba xustificada por ter sido agredido antes. Así, as dúas partes están ocultando o conflito subxacente á resposta agresiva.

Para aclarar e delimitar estes conceptos Galtung (1998) resulta unha boa axuda:

O conflito é algo inevitable, consustancial á vida humana, que se manifesta en desacordos ou contraposición de necesidades, intereses ou valores entre dúas partes. Cárgase de connotacións negativas porque, normalmente, cursa con violencia ou con respostas agresivas. É dicir, mestúrase o conflito coa súa patoloxía. Sen embargo, todo conflito pódese resolver, ou alomenos transformar en positivo, de maneira non violenta.

Violencia: algo evitable, non innato, que se manifesta nunha situación na que un ou máis individuos están confrontados e saen prexudicados, ao ser agredidos física ou psicolóxicamente. Moitas veces non se recoñece un conflito ata que unha das partes responde con violencia. Por iso, ambos conceptos adoitan confundirse.

Agresividade: aínda que neste concepto hai menos consenso dos teóricos que no resto, en xeral considérase que se trata da tendencia ou disposición inicial que pode dar lugar ou non a unha agresión. Caracterízase pola finalidade de lesionar, producir dano, destruír, molestar, humillar

Nos centros escolares en particular, danse tres perspectivas diferentes de entender a conflitividade. Unha é a preocupación do profesorado por algunhas condutas, que abarcan a disrupción, a falta de respecto, a falta de disciplina; é a máis frecuente. Outra é a preocupación social, que se refire especialmente ás agresións e actos vandálicos. A terceira, é a preocupación do alumnado, que se centra no maltrato entre iguais, ou illamento.

Evidentemente, haberá que partir dos conflitos persoais como elementos de convivencia que existen e aos que hai que dar saída. Precisamente a forma de facelo será a que nos proporcionará unha aprendizaxe positiva ou non (o que faría do conflito algo positivo).

Outro elemento a ter en conta, á hora de abordar a conflitividade é a existencia dunha serie de mitos que será necesario ir destruíndo como tales:

- O primeiro é supor que é un tema novo, xeracional, provocado pola evasión familiar, falta de autoridade, ou a existencia hoxe en día dunha xeración de pais e nais liberais.
- O segundo fai referencia á minimización da gravidade dos conflitos ou pola contra (ou de forma paralela) a utilización e o alarmismo social en casos determinados.
- En terceiro lugar suponse unha falta de dureza no control e sanción.

A convivencia apréndese.

Os conflitos existiron, existen e existirán sempre, son o resultado de diferenzas de criterios, de aspiracións, de desexos entre persoas. A clave non está en negalos senón en aprender a resolvelos pacificamente, por medio do diálogo, do entendemento, da negociación. Os conflitos, así entendidos, non son algo a ver con resignación ou temor senón como un reto, como algo que temos que enfrontar. Un conflito pode e debe resolverse de forma non violenta.

Por iso, a convivencia e a súa educación son un valor en si mesmo. A convivencia aprendémola compartindo vivencias xuntos, fomentando as boas relacións interpersoais, dialogando, escoitando activamente,

participando, comprometéndose, asumindo responsabilidades, compartindo propostas, discutindo, intercambiando ideas e opinións diferentes, reflexionando, construíndoa cada día...

Require un traballo compartido, sistemático e permanente no tempo, tempo necesario para o seu deseño, a súa aplicación e para probar e modificar, faise cada día, nunca está rematada, non ten receitas infalibles, trátase de suxerir, de facilitar espazos e momentos de encontro, de participación, na aula e fóra dela (recreos, saídas culturais, rúa), tendo moi presente que a aula é un espazo privilexiado para construír a convivencia na escola, para construír as relacións persoais e sociais, para aprender xestos e rituais, comportamentos, actitudes e valores.

Unha convivencia pacífica non significa non ter conflitos, senón que **é o que queda despois de resolvelos pacificamente**. A comunidade de persoas na que non hai conflitos fai sospeitar que estes se ignoran ou se ocultan, porque non é posible convivir sen que se produzan choques de intereses, necesidades, vontades ou valores.

Como dicíamos antes, a convivencia apréndese pero esta aprendizaxe non é un proceso que se da só nos centros educativos, nin funciona aparte da persoa, nin é algo individual. Por iso non podemos esquecer que cada alumno e alumna ten vida ao seu redor. O alumno ou alumna procedente de familias máis desestruturadas, cunha relación emocional máis impulsiva e descontrolada, ten moitas máis posibilidades de acabar sufrindo fracaso escolar se é que a escola non asume o seu papel de coeducadora tamén neste terreo. Aínda que este tipo de familia e ambiente pode darse en calquera capa social, as posibilidades non están repartidas por igual. Como é fácil supor, nas capas sociais de menor nivel socioeconómico e cultural haberá máis posibilidades de atopalas. Así, a exclusión deste ámbito na escola supón un novo camiño de creación de desigualdade.

Tampouco podemos deixar de ter en conta á persoa e o seu desenvolvemento emocional, nin podemos falar de aprendizaxe sen incluír ao grupo e a convivencia nel. A convivencia e as relacións intergrupais e persoais son aspectos que van irremediabilmente unidos ao proceso de aprendizaxe.

Aprender a convivir e relacionarse forma parte da aprendizaxe diaria.

Convivencia fronte a disciplina

Para afrontar a aprendizaxe da convivencia resulta imprescindible, pensar no conflito como algo inevitable e necesario. Se, desta forma, conseguimos ter unha visión positiva do mesmo, é posible que poidamos traballar con el e aproveitar a oportunidade educativa que nos brinda.

A conflitividade entre persoas nun centro educativo, pode abordarse de dúas formas que poderían chamarse, utilizando termos clínicos: “curativa” e “preventiva”. Seguindo o primeiro método estaremos falando de **disciplina** como principal instrumento de evitar o conflito. Polo segundo, será a **convivencia** a principal ferramenta. É evidente que é mellor previr os problemas de convivencia (mellorar o clima das aulas con reflexións conxuntas sobre as normas), que curar (intervir cando xa se produciu o problema). Por iso, a nosa práctica diaria debe estar baseada no diálogo. Detrás deste principio agóchanse bastantes aspectos a ter en conta na práctica: saber poñerse en situación de ..., comprometerse a... , etc.

Existen unha serie de condicións previas necesarias para poder manexar os conflitos. Se non se dan, quedan enquistados, ocultos. Para que isto non suceda, debemos:

- Asumir o conflito como unha oportunidade para aprender e non como unha ameaza para as relacións.
- Recoñecer que hai un conflito, que algo non funciona.
- Recoñecerse como parte. Moitas veces pensamos que o problema o causa o outro, non nós. Exculpámonos e cargamos a culpa na outra parte.
- Vontade de diálogo: querer ver que pasa, escoitarse mutuamente e buscar acordos. Querer dialogar (falar e escoitar) é recoñecer ao outro, aceptar a súa dignidade e o seu dereito a pensar e a sentir. Non querer dialogar supón o contrario.
- Vontade de solución polas dúas partes. Para isto hai que coñecer mutuamente as necesidades e buscar solucións enfocadas a que os dous gañemos.

Para poder transformar un conflito, deben desenvolverse **habilidades** así como xerar e modificar **actitudes**, que se poden aprender:

- Humanizar o conflito: aceptar que o outro pensa e sente distinto que nós, é dicir, recoñecelo como persoa, aínda que creamos que actuou mal nun momento determinado.
- Empatía: poñerse no lugar do outro, intentar entender que pensa e que sente. Só así o entenderemos e respectaremos a súa posición, aínda que non a compartamos.
- escoita aberta, atenta. Se creo que xa sei o que lle pasa ao outro, podo equivocarme porque sempre me faltará información importante. Creamos que sabemos demasiado sobre os demais sen escoitalos.
- Asertividade: expresar con respecto e claridade o que un pensa ou sente sen agredir, ofender ou acusar ao outro; sempre que esteamos seguros de que a nosa finalidade é positiva e construtiva.
- Disposición a renunciar a algunha das nosas reclamacións coa fin de chegar a acordos satisfactorios para as dúas partes: os dous gañamos aínda que perdamos algo.
- Autocrítica: recoñecer que podemos estar equivocados aínda que teñamos as nosas razóns e que o outro tamén ten as súas.
- Creatividade: imaxinar distintas solucións para elixir a mellor para o beneficio das dúas partes.

¿Por que debemos tomar a iniciativa nós, se estamos actuando como corresponde ao noso deber como profesores?.

A resposta é que somos adultos e, queirámolo ou non, educadores. Os alumnos están nun proceso de formación, non podemos pretender que veñan totalmente educados de casa e que nós nos limitemos a ensinalles unha materia sen resistencia algunha pola súa parte. Sería o ideal, pero a realidade demostra que non é así e debemos responder de forma adecuada ás circunstancias. O noso papel de coeducadores fai que as nosas respostas ante os conflitos sirvan aos alumnos de **modelo** para elaborar o seu propio patrón de conduta. Por iso a implicación do profesorado é fundamental, aínda que non debemos esquecer a necesidade e importancia da implicación das familias.

Os conflitos deben resolverse dialogando, negociando ou colaborando entre as partes. Preténdese crear no centro un clima de relacións e de convivencia baseado no respecto, o diálogo e a colaboración. Para isto propónse prever e abordar os conflitos por medio dunha relación respectuosa e pacífica entre as partes en conflito, pero baixo a responsabilidade do centro, é dicir, diálogo e colaboración, compatible co respecto ás normas e coa aplicación de sancións.

A disciplina e a sanción pasarían a ser unha forma de preservar o acordado.

XUSTIFICACIÓN DO NOSO PLAN DE CONVIVENCIA.

Para comezar a elaborar o noso plan de convivencia empezamos por coñecer a realidade que temos e resaltamos algúns elementos que o centro debe **superar** se quere potenciar a convivencia nun ambiente de participación:

- Existen intereses heteroxéneos que van sinalar esixencias diferentes respecto ao centro.
- Os ambientes familiares tamén serán diversos. Nalgúns casos van resultar problemáticos para a dinámica do centro (outros serán o contrario).
- Os proxectos de centro (PEI, etc.) son en moitas ocasións documentos que son algo burocratizado e carentes de vida.

O plan de convivencia debe contar coa colaboración dos pais e nais. Os hábitos de diálogo, traballo, esforzo, disciplina e autocontrol, virán da confluencia do que se lle ensine na casa e do que fagamos no colexio. Nós temos unha responsabilidade limitada sobre os alumnos nas horas que pasan os días lectivos no Cen-

tro, nelas tratamos de instruílos nuns coñecementos determinados e reforzalos nunhas normas de educación que deben chegar xa claras desde a educación familiar.

Un conflito non é algo obxectivo. O que para unha persoa non representa conflito para outra si, pois as visións que se teñen e a forma de vivir unha mesma situación son moitas veces diferentes.

Nun centro educativo podemos encontrar distintos tipos de conflitos:

- O que o profesorado considera conflito nas relacións co seu alumnado.
- Os conflitos que percibe o alumnado tanto nas súas relacións cos compañeiros/as coma nas súas relacións con algún profesor/a.
- Os conflitos entre os profesores compoñentes do claustro.
- Os conflitos coa comunidade educativa (familias).

Desde o profesorado vivénciase como conflito en especial a indisciplina por parte do alumnado. Así mesmo, o enfrontamento aberto entre eles, especialmente cando se traduce en algo físico, “pelexas”. Sen esquecer as desfeitas de instalacións ou de material. Tamén habería que considerar a disrupción como conflito en canto que constitúe unha circunstancia que impide o normal desenvolvemento e seguimento da programación.

Tamén existen conflitos cando na aula se producen tensións que teñen que ver coas relacións que se establecen entre o alumnado. Referímonos á existencia de grupos pechados dentro da aula, pouco flexibles e en ocasións antagónicos.

Por último, contemplamos os casos en que algún alumno ou alumna ten dificultade para “encaixar” co resto de compañeiros ou sentirse partícipe nas dinámicas da aula, ben porque o seu nivel de maduración difira moito do resto dos compañeiros ou porque o seu nivel académico está desaxustado. A percepción do propio alumnado como diferente do resto e a súa frustración pode levalo a ter condutas moi conflitivas se non se toman medidas que faciliten a súa integración.

Tamén habería que incluír como conflitos os problemas que se producen entre o profesorado como colectivo aínda que na realidade non se vivencien como tales. En ocasións, a falta dunha boa comunicación e entendemento entre os membros do claustro pode levar a:

- Bloqueo en canto á toma de decisións, organización de actividades...
- Actuacións contraditorias, pola falta de acordo, entre os membros do equipo docente ou que poden aparecer como tales para o alumnado, creando a conseguinte confusión. Non se trata con isto de anular as diferenzas individuais ou profesionais do profesorado senón de traballar como equipo.
- Falta de acordos ou non se tratan algúns temas.

Unha vez definidos os conflitos será conveniente acordar un protocolo de actuación común e coherente para que **todo o profesorado actúe de maneira uniforme**. Levar unha actuación coherente e marcada pola mesma liña de traballo non quere dicir que deba aplicarse todo de forma exacta e mecánica pois, depende de cada profesor/a, situación, etc... Non facelo así limitaría as “variacións” posibles sobre os mesmos obxectivos. Co tempo, o anterior suporía unha menor riqueza e aprendizaxe para o alumnado e unha menor creatividade do profesorado.

Para chegar a acordos na actuación necesítase **tempo para o debate nos equipos docentes**, sobre a problemática que se vive nos grupos-clase. Isto faise máis necesario de revisar en etapas como a Secundaria, na que as reunións de avaliación (trimestral) son os únicos espazos onde (ás veces) se fala destes temas. Tampouco no caso da Primaria e Infantil, onde pode haber algunha ocasión máis, se tratan aspectos de relación e convivencia moitas veces como tema de traballo.

Avanzar cara a coordinación nun centro non resulta ás veces unha tarefa fácil. Convén marcarse algunhas estratexias que o fagan máis “asequible” e como paso para maiores graos de coordinación real. Estaríamos falando desde un intercambio do que fai o profesorado na aula, ata potenciar unha maior coordinación entre etapas.

O obxectivo do plan de convivencia sería facer sentir a toda a comunidade educativa que o centro é de todos/as. Para iso deben levarse a cabo actividades que favorezan unha participación ampla da comunidade educativa e a creación dun bo ambiente. Para lograr un plan de convivencia que sexa de todo o centro debemos coidar principios como:

- A convivencia non é un aspecto a desenvolver en paralelo á aprendizaxe, pois ambos interactúan e se entrecruzan.
- Deben desenvolverse os fins educativos que inclúen a consecución dunha boa convivencia, como por exemplo, mellorar as habilidades de comunicación, relación social e autonomía do alumnado.
- Debe ser recoñecido e ir avalado pola Comunidade Educativa, coa redacción de documentos vinculantes e clarificadores dos fins, medios necesarios, etc.
- Un bo clima de convivencia pasa por conseguir a **implicación do profesorado, a familia e o alumnado**.
- O **tema de convivencia** debe levarse ás reunións habituais do profesorado **como un elemento de traballo habitual**, facer que sexa un tema de todo o equipo docente.
- Potenciar as relacións entre os diferentes colectivos que conviven nun centro educativo, máis aló da aula. É habitual, por exemplo, que se fale da convivencia de grupos-aula. Sen embargo, ofrécese menos experiencias que impliquen a un nivel e incluso a un ciclo, e son contadas as que falan de centro.
- Tratar de cubrir a necesidade de formación do profesorado en técnicas que sirvan para que “se sinta ben e favoreza unha boa convivencia” e técnicas dirixidas a lograr no alumnado “unha mellor comunicación entre eles e mellor convivencia do grupo”.

Ademais, o noso ideario marca unha liña clara de traballo. “Traballo, fe e amor” resume todos os valores e actitudes que se pretenden traballar no plan de convivencia.

Para rematar, convén ter presentes:

- Os **principios e fins da educación** recollidos na **LOE** e modificados na **LOMLOE** (Anexo 1).
- Os **“Estatutos europeos para os centros educativos democráticos e sen violencia”**, que poñen de manifesto a importancia e o interese de todos os membros da comunidade educativa en lograr melloorar a convivencia nos nosos centros e formar unha cidadanía preparada para desenvolver a súa vida respectándose a si mesma, ás demais persoas e responsabilizándose dos seus actos (Anexo 1bis).
- Os **fins e principios informadores das normas sobre convivencia** nos centros docentes recollidas na Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa e no decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, que desenvolve a esta Lei. (Anexo 2).
- Os **fins e principios informadores das normas sobre participación directa das familias** no ensino e no proceso educativo recollidos na mesma Lei 4/2011 (Anexo 3).

2. CARACTERÍSTICAS DO CENTRO.

2.1. DATOS E CARACTERÍSTICAS DO CENTRO.

O colexio Plurilingüe San José é un colexio privado concertado, dependente da Congregación das Siervas de San José, situado no corazón das Burgas, na rúa Progreso nº 24. Esta é unha zona privilexiada de Ourense, entre a cidade antiga e a moderna. Por detrás e a un lado do colexio está o casco vello (actualmente en rehabilitación). Por diante do colexio iníciase a cidade moderna, a rúa Progreso, con edificacións novas e actuais.

A zona conta con boa infraestrutura de servizos sociais. O colexio convive con outros centros de ensinanza, estando adscritos ao IES “Otero Pedrayo”.

O edificio está formado por 4 plantas. Está separado en dúas partes: unha dedicada a colexio e a outra dedicada a residencia das Siervas de San José. A maior parte das Siervas que viven nesta residencia traballan no colexio.

Na planta baixa do colexio sitúase o ximnasio, o comedor e un patio descuberto. Na entreplanta hai outro patio semicuberto e as oficinas de secretaría e administración. Cara a dereita hai unhas escaleiras que dan acceso ás aulas de 2º de primaria no primeiro andar, e a unha pequena aula de usos múltiples e a aula de música no segundo andar.

No primeiro andar do colexio están as aulas de infantil (3, 4 e 5 anos), 1º de primaria, o departamento de pastoral e o salón de actos. No segundo andar están as clases de 3º, 4º e 5º de primaria, un laboratorio de ciencias, a biblioteca (que consta de dúas salas, unha de galego), o departamento de orientación, o despacho de dirección e a capela. No terceiro andar están as aulas de 6º de primaria, 1º, 2º, 3º, 4º de ESO, aula de informática, aula de tecnoloxía, aula de plástica, a sala de profesores e un pequeno espazo onde se garda o material audiovisual.

O edificio está dotado dun ascensor e elevadores coa fin de conseguir a integración de alumnos con dificultades ou deficiencias motóricas.

2.1.a. Profesorado.

O cadro de persoal do centro está formado por profesores de infantil, primaria e secundaria. O profesorado, traballa, colabora e está involucrado, por regra xeral con dous ou máis departamentos.

Outro persoal adscrito ao Centro son: un secretario, un administrador, dúas porteiras, persoal de limpeza, persoal de comedor, persoal de atención horaria, monitores de deporte escolar e monitores de actividades extraescolares.

2.1.b. Alumnado.

O Centro conta cunha matrícula en torno a 600 alumnos/as con idades comprendidas entre os 3 e 16-18 anos (segundo traxectoria persoal e repeticións de cursos). Unha minoría presenta dificultades de aprendizaxe de distinta etioloxía. Repercuten desfavorablemente na aprendizaxe situacións familiares, que se dan con bastante frecuencia como:

- Separación dos proxenitores.
- Falta de control das familias respecto aos fillos.
- Pouca adecuación das expectativas familiares ao rendemento escolar e posibilidades académicas do alumnado.

A maioría do alumnado sitúase dentro da normalidade nos aspectos biolóxicos e psicopedagóxicos, aínda que o centro escolariza alumnos con necesidades educativas especiais que reciben unha escolarización adecuada ás súas características dentro da modalidade de integración, alternando períodos de apoio específico coa incorporación ao grupo clase en determinadas áreas.

Estes períodos determínanse de acordo coas posibilidades de integración do alumno/a a nivel persoal e curricular na dinámica da aula, segundo o seu informe psicopedagógico, e en función da dispoñibilidade horaria da profesora de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe.

No Plan Xeral de Atención á Diversidade tamén queda reflectido o apoio e reforzo dentro e fóra do horario escolar aos alumnos que o necesiten.

2.1.c. Familias.

A maior parte do alumnado que pertence ao noso colexio é da zona. A gran maioría deles vive cos seus pais e irmáns. Na maior parte dos casos tanto o pai como a nai traballan fóra da casa.

Nos últimos anos conséntase un aumento no número de alumnos que vive ou viviu unha situación de separación dos seus pais, situación que adoita ir acompañada dunha diminución do rendemento escolar.

2.1.d. Proxección do centro no contorno.

A escola é unha resposta social ao dereito que ten toda persoa á educación, e un dos factores máis decisivos para a estruturación e a vida da sociedade. Por ser a institución social que, dunha maneira máis directa, completa a acción educativa da familia, ten un valor e unha importancia básica entre todas as institucións educativas da nosa sociedade.

O Centro ofértase como un medio real que facilita o exercicio da liberdade dos pais para elixir o modelo de educación que desexan para os seus fillos.

O noso Centro intégrase no seu contorno e establece redes sociais de cooperación coas institucións e de aproveitamento de todos os recursos educativos da zona.

Colabórase en campañas de SOLIDARIEDADE cos máis desfavorecidos: Domund, Manos Unidas, recollida de alimentos en colaboración coa parroquia, etc. Ademais toda a comunidade educativa, colabora coas actividades propostas desde a ONG “Taller de Solidaridad” (organización que xorde como iniciativa das “Siervas de San José”) e que ten a súa cita anual máis importante no “Rastrillo Solidario” e grupos MSJ (Movimiento San José).

A proposta de actividades complementarias realízase desde o equipo directivo e desde os distintos departamentos. A principio de curso, confecciónase unha proposta que durante o transcurso do mesmo está aberta a modificación ou incorporación de novas actividades que se consideren interesantes.

As actividades extraescolares son unha iniciativa da Asociación de Nais e Pais en colaboración co equipo directivo do colexio.

A planificación das actividades acuñadas como “Deporte Escolar” tratan de servir de cauce á integración de todo o alumnado que queira utilizalas desde unha realidade social solidaria, tendo preferencia para a súa práctica o que, alomenos inicialmente, amose maiores dificultades.

2.2. SITUACIÓN ACTUAL DA CONVIVENCIA NO CENTRO.

O enfoque da convivencia no centro ten unha visión construtiva e positiva, polo que as actuacións van encamiñadas ao desenvolvemento de comportamentos adecuados para convivir mellor e resolver conflitos, a través da participación, bos canles de comunicación e a prevención de problemas de conduta.

Nos centros docentes debe existir un ambiente de traballo positivo, un contorno que favoreza a transmisión de coñecementos e valores. Ás veces prodúcense condutas que son contrarias ás normas de convivencia, e que dificultan este labor. As que se producen con máis frecuencia no noso centro son:

- As condutas que poidan impedir ou dificultar aos seus compañeiros o exercicio do dereito e o cumprimento do deber do estudo.
- As faltas inxustificadas de puntualidade ou de asistencia a clase (casos puntuais)

- A negativa sistemática a:
 - acudir a clase co material necesario.
 - esforzarse por realizar as actividades de aprendizaxe indicadas polo profesorado.
 - trasladar ás súas familias ou titores legais a información facilitada no centro (casos puntuais).
- Os actos de indisciplina, incorrección ou desconsideración cara o profesor ou outros membros da comunidade educativa.

Nalgunhas ocasións prodúcense comportamentos do alumnado que supoñen falta de respecto ao profesorado. Esta situación ten gran importancia cando se acompaña dun enfrontamento público e pode implicar menoscabo da autoridade do profesor ante o resto dos compañeiros. A idade destes alumnos adoita estar entre os 14 e 16 anos, e, polo xeral, esperan alcanzar a idade que lles permita abandonar a ensinanza obrigatoria. As familias destes alumnos non comunican que os seus fillos, case en todos os casos, presentan unha conduta problemática na súa casa, e mesmo fanse os sorprendidos cando se lles presenta a posibilidade de que se estea dando.

2.3. RESPUESTAS QUE O CENTRO DÁ A ESTAS SITUACIÓNS.

A reposta educativa do colexio está relacionada co desexo de promover unha maior participación no centro, mellorar as canles de diálogo, respecto e comunicación para previr e solucionar calquera conflito e a necesidade de potenciar a mellora da convivencia a través da adquisición de habilidades de enfrontamento aos conflitos.

Un papel moi importante neste cometido o protagonízao o Plan de Acción Titorial. Nel salíéntanse actividades cos alumnos que teñen como obxectivo adestralos en habilidades sociais, para fomentar a convivencia, a integración e a participación dos alumnos na vida do Centro, para analizar e comentar co alumnado os dereitos e deberes (R.D. 732/1995, de 5 de maio, polo que se establecen os dereitos e deberes dos alumnos e as normas de convivencia nos centros), e o RRI, entre outros. A Comunidade Educativa suma o seu esforzo para levar a cabo este cometido e conseguir os obxectivos propostos.

Xunto a este labor eminentemente formativo, de interiorización, tamén se dá resposta coa aplicación das normas de convivencia establecidas no noso Regulamento de Réxime Interior, procurando observar as normas e corrixindo as condutas contrarias ás mesmas.

2.4. RELACIÓN COAS FAMILIAS E A COMUNIDADE.

A relación coas familias, en xeral, é boa, con reunións de información e coordinación de carácter global e particular nas horas fixadas na Programación Xeral Anual.

É moi importante a actuación dos titores na coordinación coas familias e máis importante aínda a colaboración dos pais/nais. As situacións que afectan á convivencia e resolución de conflitos dalgún alumno en particular, adoitan ser comentadas coa familia para solicitar a súa colaboración. Se é necesaria algunha intervención sobre algún alumno/a en particular, como consecuencia da súa conduta, o titor/a recibe aos pais acompañado do coordinador de etapa, Xefe de Estudos ou Orientador (segundo o caso), xa que se ten comprobado que a conversa é máis fluída e os pais comprenden mellor a situación.

Existe unha asociación de nais e pais de alumnos, que a través da súa Xunta Directiva mantén un estreito contacto co Equipo Directivo do centro. Ambos organismos cooperan para todo o que mutuamente se solicitan.

2.5. EXPERIENCIAS DE CONVIVENCIA REALIZADAS NO CENTRO.

As experiencias desenvolvidas no centro durante este curso para favorecer a convivencia podémolas resumir no seguinte:

- Planificación da atención tutorial a pais/nais ao longo do curso.
- Actividades dirixidas ao alumnado dentro do Plan de Acción Tutorial, encamiñadas a fomentar a tolerancia, o respecto e a resolución de conflitos a través do diálogo.
- Participación do centro en actividades e programas que contribúen a mellorar a convivencia no centro (Semanas Culturais, Día da Paz, Convivencias, Camiño de Santiago, etc.).
- Estreita relación cos Servizos Sociais do Concello e Delegación de Educación para controlar o absentismo e dar a coñecer as situacións desfavorecidas das familias.

2.6. NECESIDADES DE FORMACIÓN E RECURSOS.

A formación sobre a convivencia e prevención ou resolución de conflitos é imprescindible para mellorar as pautas de actuación que potencien un clima favorable no centro. Faise necesario posuír estratexias que nos permitan detectar que situacións son as que máis favorecen os conflitos entre os alumnos e entre alumnos e profesores, para previlos. Tamén é imprescindible saber como intervir nos casos que estes conflitos se presenten.

Esta formación debe contemplar que a reacción docente sexa coherente en todo o profesorado para evitar confundir aos alumnos e lograr reforzar as mensaxes construtivas sobre as súas condutas.

En xeral, contemplarase na formación do profesorado cuestións como habilidades sociais e de comunicación, resolución de conflitos, traballo cooperativo, mediación escolar, intelixencia afectivo-emocional, educación en valores, etc.

Convén artellar os medios para que de forma permanente se leven a cabo accións de divulgación e de formación relacionadas con estes temas que teñen que ver coa convivencia no centro.

3. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DO PLAN DE CONVIVENCIA.

A convivencia non se considera como unha mera aplicación de medidas disciplinarias, senón coma un fin educativo a traballar e como parte fundamental da formación do alumnado. Para conseguir unha boa convivencia no centro e para lograr un clima participativo e democrático é necesario potenciar estas condutas. Para isto foméntase a participación a través da elección de delegado e subdelegado en representación da clase, de participar no Consello Escolar, etc. Ademais, deben desenvolverse nos alumnos unha serie de valores e habilidades de comunicación e de relación social.

O conflito é inherente á vida en común das persoas. É algo normal en toda sociedade libre e democrática. Debe entenderse como algo positivo para desenvolver o labor educativo e, sobre todo, servir como medio de aprendizaxe á busca dalgunha solución ao conflito de forma democrática, dialogada e pacífica, mantendo unha certa harmonía nas relacións entre as persoas.

Aínda que se produza unha boa xestión global da convivencia, os problemas aparecerán, porque son propios de calquera sistema de relacións humanas, pero a prevención contribúe a reducilos. Cando sexa necesaria unha corrección ou sanción, esta terá un propósito formativo, de modo que se garanta tanto o bo funcionamento xeral como a socialización ordenada e autónoma do individuo coa conduta susceptible de aplicación de medidas disciplinarias. A disciplina debe favorecer obxectivos educativos estimulando cambios cognitivos, emocionais e condutuais. Débense aproveitar as diversas situacións que se producen no curso escolar para que o centro sexa un espazo de paz, respecto, diálogo, aberto ao contorno.

O plan de convivencia deberá contribuír á consecución dos seguintes **obxectivos xerais**:

- a) Facilitarlles aos órganos de goberno e ao profesorado instrumentos e recursos en relación coa prevención da violencia e a mellora da convivencia no centro.
- b) Concienciar e sensibilizar a comunidade educativa sobre a importancia dunha adecuada convivencia escolar e sobre os procedementos para melloralala e acadar un ambiente educativo que permita o óptimo aproveitamento dos recursos que a sociedade pon á disposición do alumnado.
- c) Fomentar nos centros educativos os valores, as actitudes e as prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas e avanzar no respecto á diversidade e no fomento da igualdade entre homes e mulleres.
- d) Facilitar a prevención, a detección, o tratamento, o seguimento, a xestión e a resolución dos conflitos que se poidan producir no centro e aprender a utilízalos como fonte de experiencia e aprendizaxe.
- e) Facilitar a prevención, detección e eliminación de todas as manifestacións de violencia, especialmente do acoso escolar, da violencia de xénero e das actitudes e comportamentos xenófobos e racistas.
- f) Facilitar a conciliación ou a mediación para a resolución pacífica dos conflitos.
- g) Contribuír desde o ámbito da convivencia á adquisición das competencias básicas, particularmente das competencias social e cidadá e para a autonomía e iniciativa persoal.
- h) Fomentar e facilitar a participación, a comunicación e a cooperación das familias no mantemento da convivencia nos centros docentes.
- i) Establecer, incrementar e consolidar as relacións con entidades e institucións do contorno que contribúan á construción de comunidades educadoras e a unha convivencia de calidade que potencie os dereitos e as liberdades fundamentais.

As **actitudes** a desenvolver e a organización do centro en materia de convivencia deberán basearse nas Normas de Convivencia para toda a Comunidade Educativa. Estas normas, expostas no Regulamento de Réxime Interior, definen as características das condutas que se deben promover para conseguir:

- O crecemento integral da persoa.
- Os fins educativos do centro, no desenvolvemento do carácter propio e proxecto educativo do Centro.
- O desenvolvemento da Comunidade Educativa.
- Un ambiente de familia nas relacións do centro.
- Unha vivencia responsable do traballo e con sentido transcendente.
- O respecto aos dereitos de todas as persoas que participan na acción educativa.

Os **obxectivos específicos** que presentamos no noso plan son os seguintes:

- Concienciar e sensibilizar á Comunidade Educativa sobre a importancia dunha adecuada convivencia escolar e sobre procedementos para melloralala.
- Respetar, fomentar e difundir as normas de convivencia co fin de que se adopte un comportamento que se adecúe ao modelo educativo do Centro e permita respectar e desenvolver os dereitos e deberes de todos os membros da Comunidade Educativa.
- Fomentar os valores, as actitudes e as prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas e, avanzar no coñecemento e comprensión doutras formas de vida e modos de pensar, o respecto e a conciencia de que formamos parte dunha sociedade multicultural.
- Promover unha cultura para a cidadanía que supón un exercicio de autonomía e responsabilidade individual, colectiva, de participación e solidariedade.
- Construír una práctica de diálogo, participativa e democrática.

- Buscar alternativas non violentas ante toda clase de violencia e ameazas da convivencia.
- Facilitar a prevención, detección, tratamento, seguimento e resolución de conflitos que poidan presentarse no Centro e aprender a utilizalos como fonte de experiencia de aprendizaxe.

4. DESCRICIÓN DAS ACTUACIÓNS PARA O FAVORECER A CONVIVENCIA.

Consideramos que a prevención é a principal recomendación para a mellora da convivencia, polo que un dos piares base do noso traballo será previr as condutas contrarias ao Plan de convivencia do noso centro. Para iso, en cada curso escolar procuraranse realizar as seguintes actividades, sen excluír outras relacionadas con estes aspectos que quedarán descritas na Programación Xeral Anual (PXA) do curso escolar.

- A) Actuacións **organizativas** e de coordinación.
- B) Medidas de **coordinación das actuacións docentes**.
- C) Medidas **preventivas e de sensibilización**. Actuacións dirixidas á prevención de condutas contrarias ás normas de convivencia.
- D) Actuacións dirixidas a garantir a **participación** da comunidade educativa.

A) Actuacións organizativas e de coordinación.

A.1. Debate e revisión do Plan de Convivencia.

- Responsables: Equipos Docentes de etapa.
- Recursos: Proxecto Educativo Institucional, RRI, Plan de Acción Titorial, Plan de Convivencia presentado na PXA e os informes trimestrais presentados polos equipos docentes.
- Metodoloxía: Traballo individual e posta en común nas reunións dos distintos equipos docentes. Presentaranse propostas de corrección ou modificación que se recollerán nos informes trimestrais.
- Temporalización: Durante todo o curso.

A.2 Difusión do Plan de Convivencia.

- Responsables: Equipo Directivo.
- Recursos: reunións grupais, web, claustros, etc.
- Metodoloxía: convocatorias de charlas grupais cos pais, presentación do Plan nos claustros, colgado do mesmo na páx.web do Centro.
- Destinatarios: Comunidade educativa.
- Temporalización: Durante todo o curso.

A.3. Elección de representantes da aula (delegado e subdelegado).

- Responsable: Profesorado titor.
- Recursos: Dinámicas de elección de delegados. Funcións dos delegados da aula.
- Metodoloxía: O profesorado titor explicará as funcións e o perfil do representante da aula. A continuación, o alumnado elixirá aos seus representantes.
- Destinatarios: Alumnado.
- Temporalización: Primeiro mes do curso.

A.4. Reunión da Xunta de Delegados e Subdelegados.

- Responsable: Xefatura de Estudos.

- Recursos: Orde do día elaborada pola Xefatura de Estudos.
- Metodoloxía: Nas reunións da Xefatura de Estudos cos representantes das aulas de ESO trátanse distintos temas relacionados coa convivencia escolar.
- Destinatarios: Representantes das aulas.
- Temporalización: Durante todo o curso en reunións trimestrais.

A.5. No caso da existencia de alumnado ou profesorado de nova incorporación: **Posta en práctica do programa de acollida.**

- Responsable: Todo o profesorado (Equipo Directivo, equipos docentes, departamento de Orientación).
- Recursos: Programa de acollida.
- Metodoloxía: Información sobre o funcionamento do centro e acompañamento durante os primeiros días ou ata que se considere que a integración do alumnado ou profesorado é boa.
- Destinatarios: Alumnado e profesorado de nova incorporación.
- Temporalización: Inicio de curso ou no momento da incorporación.

A.6. Programa de Habilidades Sociais.

- Responsable: Departamento de Orientación e profesorado.
- Recursos: Documento Plan de Habilidades Sociais.
- Metodoloxía: Información e dinámicas.
- Destinatarios: Alumnado e profesorado.
- Temporalización: Ao longo do curso.

B) Medidas de coordinación das actuacións docentes.

B.1. **Actuación coherente** de todo o profesorado en materia de convivencia para evitar ambigüidades e contradicións que poidan confundir ao alumnado e propiciar diferentes comportamentos segundo o profesor presente.

- Responsables: Todo o profesorado.
- Recursos: Decisión tomada polo Claustro para levar a cabo unha actuación coherente. Ser consecuentes coa responsabilidade contraída. Plan de convivencia e RRI.
- Metodoloxía: nas primeiras sesións do Claustro de Profesores debátese sobre a conveniencia de unificar criterios de actuación para reforzar as condutas dos alumnos. Cando o alumnado protagonice comportamentos contrarios ás normas de convivencia, o **profesorado** actuará axustándose ás medidas contempladas neste plan.
- Destinatarios: Todo o alumnado.
- Temporalización: Todo o curso.

C) Medidas preventivas e de sensibilización. Actuacións dirixidas á prevención de condutas contrarias ás normas de convivencia.

C.1. Difusión dos procedementos da actuación relacionados cos horarios xerais de entrada e saída do alumnado das distintas etapas. Procedementos de actuación en casos especiais.

- Responsables: Todos o profesorado en xeral e o profesorado do grupo en particular.
- Recursos: Anexo 21 e Normas de convivencia.

- Metodoloxía: Difusión a través do folleto informativo e da páxina web, información ás familias nas primeiras reunións do curso (grupais ou individuais) e en calquera momento ao longo do curso que sexa necesario.
- Destinatarios: Alumnado e familias.
- Temporalización: Todo o curso.

C.2. Establecemento dun **clima** de clase adecuado desde as primeiras semanas para mantelo durante todo o curso.

- Responsables: Todos o profesorado en xeral e o profesorado do grupo en particular.
- Recursos: Normas de convivencia.
- Metodoloxía: **Establécense de forma inequívoca** (nas primeiras semanas do curso) **os límites que separan as condutas aceptables das que non o son**, mediante un proceso onde o profesor procura recordar as normas e as aplica de forma inmediata, **evitando que os alumnos máis problemáticos ensaíen** condutas que non son aceptables.

Na primeira sesión do Claustro de Profesores, indicárase a todos os seus membros que poñan especial énfase en recordar e debater as normas de convivencia cando a ocasión se presente e en corrixir firmemente as condutas que, pola súa frecuencia ou impacto sobre a clase, afecten decisivamente ao desenvolvemento do traballo escolar.

Ao inicio de curso, os xogos de coñecemento grupal e dinámicas de grupo terán unha presenza importante nas actividades de aula, para asentar as bases dun clima positivo de convivencia.

O docente actuará como modelo positivo para mellorar a convivencia na clase (falar en ton baixo de voz, ser coherente, aceptar os seus erros, pedir explicacións antes de aplicar unha sanción, etc.).

Os docentes manterán unha actitude de observación constante, tanto na aula, coma nos tempos de recreo e nas actividades complementarias, que lle permita detectar situacións conflitivas.

- Destinatarios: Todo o alumnado.
- Temporalización: Todo o curso.

C.3. **Analizar** en tutoría a marcha da convivencia da clase e informar ao equipo docente.

- Responsables: Profesorado Titor, Orientador e Equipo Directivo.
- Recursos: Cuestionario sobre a convivencia e posterior debate. Normas de Convivencia.
- Metodoloxía: O profesorado titor aplica o cuestionario ao seu alumnado co obxecto de que cada un reflexione. Seguidamente realízase un debate sobre os temas que afecten á clase. Elabóranse conclusións e acórdanse medidas de mellora. O profesorado titor, se o considera necesario, leva as conclusións ao equipo docente para que o profesorado do grupo as coñeza e poidan contribuír a mellorar o clima da clase.

O titor ou titora caracterízase polo seu papel mediador na resolución pacífica dos conflitos.

- Destinatarios: Todo o alumnado e profesorado.
- Temporalización: Todo o curso.

C.4. **Fomentar** os **valores** democráticos: tolerancia, igualdade, respecto, diálogo, resolución de conflitos de forma pacífica e a non violencia etc.

- Responsables: Profesorado.
- Recursos: Currículo das distintas materias e actividades de tutoría.
- Metodoloxía: O profesorado, na súa materia, tratará de potenciar esta aprendizaxe. Incluírse nas programacións das distintas áreas do currículo actividades concretas que contribúan ao desenvolvemento de habilidades sociais no alumnado, así como actividades que impliquen o traballo en equipo. O docente actuará como modelo positivo para mellorar a convivencia na clase (falar

en ton baixo de voz, ser coherente, aceptar os seus erros, pedir explicacións antes de aplicar unha sanción, etc.).

Cando sexa necesario, o profesorado dedicará un tempo especial para resolver, no seo do grupo, as situacións conflitivas que se xeren. escoitarase as partes implicadas, o resto do alumnado dará a súa opinión, ofreceranse solucións e todo iso baixo a mediación do docente.

O profesorado titor realizará revisións periódicas sobre o grao de cumprimento do grupo das normas de convivencia. Promoverá a reflexión do grupo e a adopción de compromisos. Para iso programará na dinámica do grupo clase tempos para a realización de asembleas e debates.

- Destinatarios: Todo o alumnado.
- Temporalización: Todo o curso.

C.5. Celebración do Día Escolar da Paz e a Non Violencia e participación do centro en programas e actividades que fomenten a convivencia no centro.

- Responsables: Todo o profesorado.
- Recursos: Desenvolvemento de actividades que destaquen a importancia das normas de convivencia no centro. Documentos escritos e audiovisuais que falen da paz e da non violencia.
- Metodoloxía: Activa e participativa. O Equipo Directivo e a Comisión de Convivencia con suficiente antelación recordan que o día 30 de xaneiro se celebra o “Día Escolar da Non Violencia e da Paz”, e animan a todo o profesorado para que na clase dese día recorden a data ao seu alumnado e, se é posible, realicen algunha actividade relacionada con esta efeméride: lecturas, visionado de películas e documentais, debates, composicións escritas, plásticas, musicais, etc. Aquelas producións que se consideren adecuadas como murais e outras creacións plásticas, poderán expoñerse nos lugares habituais.
- Destinatarios: Todo o alumnado.
- Temporalización: Todo o curso.

C.6. Planificación de actividades coa marcada intención de promover a convivencia entre o alumnado, entre estes e o profesorado, e co resto da comunidade educativa (Actividades complementarias, excursións, Nadal, Entroido, Festas colexiais, etc.).

- Responsables: Todo o profesorado.
- Recursos: Desenvolvemento de actividades que fomenten a convivencia e o traballo colaborativo e cooperativo.
- Metodoloxía: Activa e participativa. Programaranse actividades específicas para os distintos cursos como por exemplo as saídas culturais, e actividades xerais para todo o centro como as festas colexiais, Nadal, etc.)
- Destinatarios: Todo o alumnado.
- Temporalización: Todo o curso.

D) Actuacións dirixidas a garantir a participación da comunidade educativa.

D.1. Información das normas básicas que rexen a organización e convivencia no noso centro. Implicación das familias.

- Responsables: Todo o profesorado en xeral e os titores en particular.
- Recursos: Folleto informativo, dereitos e deberes segundo lexislación vixente, Normativa do centro, Actitudes do alumnado para favorecer a convivencia e recomendacións para as familias, Normativa Abalar (nos cursos que corresponda)
- Metodoloxía: Explicación ao alumnado e ás familias (nas primeiras entrevistas de tutoría) das normas básicas de organización e de convivencia do noso centro recollidas no Plan de convivencia e resumidas no folleto informativo que se entrega a principio de curso.

Unificaranse criterios educativos coas familias para que a educación sexa converxente, coordinada e continua, a través dun proceso de colaboración no que ten lugar o intercambio de información, a implicación directa e o compromiso de todas e todos: familias, alumnado e docentes. Utilizarase a Axenda (ou caderno) como medio diario de comunicación entre a familia e profesorado empregando tamén a aplicación abalarMóbil.

Tamén se pode informar dos dereitos e deberes dos distintos membros da comunidade educativa e das correccións e sancións que leva consigo o non cumprimento das normas de aula e de centro.

Poderían elaborarse carteis ou murais recordando as normas de convivencia máis infrinxidas para colocalas en lugares visibles das aulas ou do centro.

- Destinatarios: Alumnado e familias.
- Temporalización: Primeiro mes do curso.

D.2. Potenciación da participación das familias na educación dos seus fillos/ás e na vida do centro:

- Responsables: Todo o profesorado en xeral e os titores en particular.
- Recursos: páxina web, Aula virtual.
- Metodoloxía: Reunións coas familias, comunicación telefónica fluída, programación de actividades que requiran a colaboración dos pais, uso da axenda escolar, etc.
- Destinatarios: Alumnado e familias.
- Temporalización: Todo o ano.

5. PROTOCOLO PARA A PREVENCIÓN, DETECCIÓN E TRATAMENTO DAS SITUACIÓNS DE ACOSO ESCOLAR.

Anexo 19

6. NORMAS DE CONVIVENCIA DO CENTRO, COA CONCRECIÓN DOS DEREITOS E DEBERES DOS DIFERENTES MEMBROS DA COMUNIDADE EDUCATIVA, ASÍ COMO UN PROTOCOLO QUE CONTRIBÚA Á DETECCIÓN OU AO INCUMPRIMENTO DESTAS.

Anexos 4a, 4b, 10, 11a, 11b, 12 13, 16, 18, 21.

7. ESTABLECEMENTO DAS CONDUTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA E DAS CORRECCIÓNS QUE CORRESPONDAN AO SEU INCUMPRIMENTO QUE, DE SER O CASO, SE APLICARÁN, DE CONFORMIDADE CO ESTABLECIDO NESTE DECRETO EN DESENVOLVEMENTO DA LEI 4/2011 E DEMAIS NORMATIVA QUE SEXA DE APLICACIÓN.

Anexos 15, 15a, 15b, 22, 23, 24.

CORRECCIÓN DAS CONDUTAS

No presente apartado falaremos das condutas contrarias á convivencia, da clasificación das faltas, das medidas correctoras e da súa gradación así coma do ámbito de aplicación.

A adecuada convivencia no Centro é condición indispensable para a progresiva maduración dos distintos membros da Comunidade Educativa -en especial do alumnado- e, polo tanto, para a consecución dos obxectivos do Carácter Propio do Centro.

Alteran a convivencia os membros da Comunidade Educativa que, por acción u omisión, vulneran a normativa do centro e os dereitos e deberes recollidos nas lexislacións vixentes.

1. Principios xerais

Os principios que deben rexer na aplicación das correccións serán:

- **Educación:** Cando a comisión dunha falta faga necesaria a adopción de medidas disciplinarias, as correccións que se impoñan deberán ter un carácter educativo e deberán contribuír ao proceso xeral de formación e recuperación do alumno; polo que en ningún caso ditas correccións afectarán ao seu dereito á educación e á avaliación.
- **Inmediatez:** Para que as correccións sexan efectivas debe aplicarse o máis preto posible ao momento en que as faltas sexan cometidas, desta forma o alumno establecerá a asociación conduta-consecuencia.
- **Proporción:** A corrección debe ser proporcionada á falta, téndose en conta as circunstancias concretas que a rodeen.
- **Consistencia:** As mesmas condutas deben ter sempre as mesmas consecuencias, sen prexuízo dos atenuantes e agravantes que concorran en aquelas.
- **Interese xeral:** Á hora de aplicar as correccións considerárase a repercusión que as faltas teñan no resto do alumnado e nos seus dereitos.

1. Os procesos de corrección das condutas do alumnado contrarias á convivencia escolar forman parte do seu proceso educativo, polo que as correccións que se apliquen polo incumprimento das normas de convivencia deben reunir os seguintes requisitos:

- a) Ter carácter educativo e recuperador.
- b) Garantir o respecto dos dereitos de todo o alumnado e procurar a mellora da convivencia no centro docente.
- c) Contribuír a que a alumna ou o alumno corrixa/o asuma o cumprimento dos seus deberes e mellore as súas relacións con todos os membros da comunidade escolar e se integre no centro educativo.
- d) Ser proporcionais á gravidade da conduta corrixa.

2. O diálogo e a conciliación serán as estratexias habituais e preferentes para a resolución de conflitos no ámbito escolar.

3. Nos casos en que fose necesario, realizarase a oportuna asistencia e orientación psicopedagóxica ás vítimas e ás persoas agresoras.

4. Garantiráselle ao alumnado vítima de situacións de acoso escolar a protección da súa integridade e dignidade persoais e do seu dereito á educación, e deberá primar sempre o interese da vítima sobre calquera outra consideración no tratamento destas situacións. Esta protección garantirase mediante medidas cautelares que impidan a ameaza, o control ou o contacto entre vítima e causantes da situación de acoso.

5. O incumprimento das normas de convivencia será valorado antes da imposición da corrección tendo presente a idade e as circunstancias persoais, familiares ou sociais do alumnado corrixido. (Para estes efectos, poderase solicitar os informes que se consideren necesarios sobre as mencionadas circunstancias e recomendar, de ser o caso, ás nais e pais ou ás titoras ou tutores ou ás autoridades públicas competentes a adopción das medidas necesarias. *Artigo 18 Lei 4/2011*)

6. Ningunha alumna ou alumno poderá ser privada/o do exercicio do seu dereito á educación nin, para o caso da educación obrigatoria, do seu dereito á escolaridade. (Para estes efectos, non se entenderá como privación

do dereito á educación a imposición das correccións previstas nesta sección que supoñen a suspensión da asistencia ás clases ou o cambio de centro. *Artigo 18 Lei 4/2011*)

7. Non poderán imporse correccións contrarias á integridade física e á dignidade persoal do alumnado.

8. Para o caso de alumnado menor de idade non emancipado/a, as persoas proxenitoras ou representantes legais deste deberán ter puntual información sobre as correccións de condutas que lles afecten, nos termos previstos neste decreto e nas normas de organización e funcionamento do centro educativo en que estean escolarizado.

2. Clasificación das faltas

As faltas de disciplina clasifícanse en **leves, graves e moi graves**. Nos anexos finais infórmase do protocolo de actuación ante cada tipo de falta.

EXIMENTES, ATENUANTES E AGRAVANTES DA RESPONSABILIDADE.

a) Eximentes:

1. Enfermidades que supoñan alteracións da conduta, ditaminadas por un especialista.

b) Atenuantes:

1. **Recoñecemento da falta.** Cando o alumno recoñeza a súa falta ante o profesor, o titor ou algún membro do Equipo Directivo asumindo a súa responsabilidade e, se é o caso, o cumprimento igualmente espontáneo da obriga de reparar os danos producidos.
2. **Inmadurez.** Considerarase este atenuante sobre todo en alumnos menores de 14 anos e excepcionalmente no resto dos alumnos.
3. **Falta de intencionalidade.** Cando o alumno cometa a falta sen intención de causala (sobre todo terase en conta en faltas de danos materiais).

c) Agravantes:

1. **Intencionalidade.**
2. **Reincidencia.** Considerarase este agravante cando se cometa a mesma falta unha segunda ou máis veces.
3. **Madurez.**
4. **Colectividade.** Cando a comisión da falta se ampare nun grupo.
5. **Alarma social.** Este agravante considerarase cando a falta suscite alarma no resto do alumnado.
6. **A difusión** por calquera medio, incluídos os electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos, da conduta, das súas imaxes ou da ofensa.
7. **A natureza** dos prexuízos causados.
8. O **carácter especialmente vulnerable** da vítima da conduta, se se trata dun alumno ou alumna, por razón da súa idade, de recente incorporación ao centro ou calquera outra circunstancia.

3. Ámbito de aplicación

Poderán corrixirse os actos contrarios ás normas de convivencia do Centro realizados polo alumnado (Artigo 12 Lei 4/2011):

1. Serán obxecto de corrección disciplinaria as condutas contrarias ás normas de convivencia realizadas polo alumnado dentro do recinto escolar ou durante o desenvolvemento de actividades complementarias e extraescolares, así como durante a prestación dos servizos de comedor.

2. Así mesmo, poderán corrixirse disciplinariamente as condutas do alumnado que, aínda que realizadas fóra do recinto escolar, estean motivadas ou directamente relacionadas coa vida escolar e afecten aos seus compañeiros ou compañeiras ou a outros membros da comunidade educativa e, en particular, as actuacións que constitúan acoso escolar.
3. As posibles condutas contrarias ás normas de convivencia realizadas mediante o uso de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que teñan conexión coa actividade escolar considéranse incluídas no ámbito de aplicación desta lei.

4. Protocolo de actuación ante as faltas

Os anexos presentan os distintos protocolos de actuación:

1. **Aplicación de medidas correctoras:** Gradación das actuacións ante as faltas, responsables das medidas preventivas e sancionadoras (Anexo 15).
2. Tipos de faltas, medidas correctoras, responsables, prescrición das faltas:
 - a) Faltas **leves** (Anexo 15a).
 - b) Faltas **graves** (Anexo 15b).

8. NORMAS ESPECÍFICAS PARA O FUNCIONAMENTO DA COMISIÓN DE CONVIVENCIA DO CENTRO.

A comisión de convivencia constituirase no seo do Consello Escolar. Terá carácter consultivo e desempeñará as súas funcións por delegación do Cnsello Escolar, para facilitar o cumprimento das competencias que este ten asignadas en materia de convivencia escolar e velará pola correcta aplicación do disposto no Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, que se desenvolve a lei 4/2011.

1. Composición

Membros da Comisión de convivencia:

- a) O Presidente, Director/a Pedagógico que convoca e preside.
- b) Representante da Entidade Titular.
- c) Representante das Familias.
- d) Un representante do profesorado.
- e) Un representante do alumnado.
- f) Un representante do Persoal de Administración e Servizos.

Membros opcionais:

- g) O Coordinador/a xeral do nivel correspondente.
- h) O Orientador/a do Centro.
- i) O Titor/a do alumno/a ou alumnos/as que alteraran a convivencia.
- j) O Profesor/a implicado, se o houbera.
- k) O Delegado/a de alumnos/as do curso onde ten lugar o conflito.
- l) Outros profesionais.

Cando a comisión de convivencia o considere oportuno, e co obxecto de que informen no ámbito das súas respectivas competencias, poderá solicitar o asesoramento do educador ou educadora social do concello

ou doutros ou doutras profesionais segundo a problemática de que se trate, así como das asociacións do sector que poidan colaborar na mellora da convivencia.

2. Periodicidade das reunións

Manterán tres reunións anuais de carácter ordinario, unha por trimestre, e con carácter extraordinario tantas veces sexa convocada pola súa presidencia, por iniciativa propia ou por proposta de, polo menos, unha terceira parte dos seus membros.

3. Funcións

A comisión de convivencia exercerá por delegación do consello escolar as seguintes funcións:

- a) Elaborar o plan de convivencia do centro e dinamizar todos os sectores da comunidade educativa, incorporando as súas iniciativas e achegas no procedemento de elaboración, desenvolvemento e seguimento do citado plan.
- b) Adoptar as medidas preventivas necesarias para garantir os dereitos de todos os membros da comunidade educativa e o cumprimento das normas de convivencia do centro.
- c) Impulsar accións dirixidas á promoción da convivencia, especialmente o fomento de actitudes para garantir a igualdade entre mulleres e homes, a igualdade de trato de todos os membros da comunidade educativa e a resolución pacífica de conflitos.
- d) Propor ao consello escolar as medidas que considere oportunas para mellorar a convivencia, así como dar conta a este, cando menos dúas veces ao longo do curso, das actuacións desenvolvidas e das correccións e medidas disciplinarias impostas.
- e) Propor, de ser o caso, á persoa titular da dirección do centro persoas que poidan formar parte do equipo de mediación.
- f) Coñecer o cumprimento efectivo das correccións e medidas correctoras nos termos en que fosen impostas e informar o consello escolar sobre o grao de cumprimento da normativa vixente.
- g) Realizar o seguimento dos compromisos de convivencia subscritos no centro.
- h) Elaborar unha memoria anual sobre a análise da convivencia e conflictividade no centro, na que se reflectan as iniciativas no ámbito do centro sobre a materia. Este informe será trasladado ao consello escolar do centro e ao correspondente servizo territorial de Inspección Educativa.
- i) Aqueloutras que lle sexan encomendadas polo consello escolar do centro docente ou polo órgano da Administración educativa con competencias na materia.
- i) Gardar o segredo profesional e cumprir coas esixencias da Lei de Protección de datos.

4. Protocolo de actuación.

1. A Comisión de Convivencia actuará a demanda do Director/a Pedagóxico.
2. O Director/a Pedagóxico informa oficialmente á Comisión de Convivencia. Despois de expor o caso, e tendo en conta os atenuantes e agravantes da acción e do alumno, a dirección do centro determinará o procedemento de corrección máis adecuado para cada caso, tendo presente que, sempre que concorran as circunstancias necesarias, se propiciará a corrección das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia mediante o procedemento conciliado.

Ao iniciarse o procedemento ou en calquera momento da súa instrución, a dirección, á vista das repercusións que a conduta da alumna ou do alumno puidese ter na convivencia escolar, poderá adoptar as medidas correctoras provisionais que considere convenientes. As medidas provisionais poderán consistir no cambio temporal de grupo ou na suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases, actividades ou ao centro por un período que non será superior a tres días lectivos.

3. No prazo de tres días lectivos, contados desde que se tivo coñecemento da conduta merecedora de corrección, a dirección do centro notificaralle esta por escrito á alumna ou ao alumno ou, de ser menor non emancipada/o, ás persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e, e se cumpren os requisitos esixidos para iso daralles a posibilidade de corrixila mediante o procedemento conciliado, informándoos das súas peculiaridades e das obrigas que comporta. Noutro caso, notificaráselles a utilización do procedemento común para a súa corrección.
4. Nos casos en que se lles ofrecese á alumna ou ao alumno ou ás persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e a posibilidade de corrección da conduta mediante o procedemento conciliado, estes comunicarán por escrito á dirección do centro a aceptación ou non deste procedemento no prazo dun día lectivo seguinte á recepción da notificación. De non comunicárselle nada á dirección do centro nese prazo, aplicaráselle o procedemento común.
5. As correccións que se impoñan por parte da dirección do centro en relación coas condutas gravemente prexudiciais para a convivencia poderán ser revisadas polo consello escolar por instancia das alumnas ou dos alumnos ou, de ser o caso, das persoas proxenitoras ou representantes legais destas/es, de acordo co establecido no artigo 127.f) da Lei orgánica 2/2006, para os centros públicos, e o artigo 57.d) da Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación para os centros concertados.
6. En todos os casos de condutas contrarias á convivencia, mesmo cando non haxa conciliación por non ser aceptadas as desculpas pola persoa ou persoas prexudicadas, poderase suspender a aplicación das medidas correctoras adoptadas se a alumna ou o alumno corrixida ou corrixido ou, de ser o caso, as persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e asinan un compromiso educativo para a convivencia.

9. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNA NO CENTRO, COAS FAMILIAS E CON OUTROS CENTROS EDUCATIVOS OU ORGANISMOS DO CONTORNO.

O Plan de Convivencia do Colexio Plurilingüe San José de Ourense plasma o consenso de toda a Comunidade no fomento dunha boa convivencia no Centro a través da participación activa de todos os membros da Comunidade Educativa. Para iso utilizaranse as canles e órganos de representación definidos no RRI. Implicación e colaboración efectiva de todos os membros da Comunidade Educativa en materia de convivencia e acatando as decisións adoptadas, sempre dentro do marco legal vixente.

Potenciaremos como forma de colaborar activamente na resolución de certos conflitos a mediación escolar como estratexia de actuación ante os conflitos escolares de convivencia. Consiste na asistencia dunha ou varias terceiras persoas que axudan ás partes a resolver as súas diferenzas dunha forma produtiva e positiva. Cabe sinalar que a mediación, con todas as habilidades que leva (escoita activa, empatía, procura de alternativas) é profundamente educativa.

Hai que sinalar que a mediación non é un recurso para todos os conflitos. Por iso só se promoverá en conflitos de convivencia entre iguais. En conflitos graves en que os actores non queren a mediación, esta non é útil; ademais pode resultar perigosa ao colocar á vítima e ao agresor no mesmo plano. Con carácter xeral establecerase, amáis dos recursos do contorno, os seguintes:

- a) Colaboración/intervención do Departamento de Orientación
- b) Solicitude de intervención/derivación de profesionais especializados externos como o Equipo de Orientación Específico.
- c) Colaboración cos servizos sociais do Concello no ámbito das actuacións deste Plan.

10. ESTRATEXIAS PARA REALIZAR A DIFUSIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA.

Entre as actividades que figuran neste Plan de convivencia, a terceira refírese á **presentación do Plan a todos os sectores da Comunidade Educativa**. A difusión pode realizarse empregando diferentes canles: charlas coloquio dirixidas ás Familias, sesións do Claustro de Profesores, copiado do documento que contén o presente Plan de Convivencia en soporte informático para ser instalado nos carpetas dos Seminarios, páxina Web do Centro, actividades específicas incluídas no Plan de Acción Titorial, etc.

11. PROCESOS DE SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN DE CONVIVENCIA.

O plan de convivencia é un documento vivo que precisa dunha actualización constante debido aos cambios nas distintas leis e como non, debido ás distintas realidades da nosa comunidade educativa. A implicación, a experiencia e as ideas de todo o profesorado son imprescindibles para conseguir mellorar a convivencia no noso colexio cooperando na elaboración e revisión dun plan de convivencia adaptado ao noso pequeno mundo, o noso centro educativo. Entre as actividades que figuran neste Plan de convivencia destacamos:

- O **seguimento e revisión** do plan. Serán os equipos docentes quen en primeira instancia realizarán o seguimento e unha avaliación do Plan cunha periodicidade trimestral, elaborando un informe que inclúa todo o ocorrido en cada trimestre en materia de convivencia, actividades e actuacións realizadas, valoración e propostas para o período seguinte.

Ao **finalizar o ano** débese elaborar unha **memoria** que pode recoller os seguintes apartados:

- Nivel de consecución dos obxectivos propostos.
- Actividades realizadas.
- Grao de participación dos diferentes compoñentes da comunidade educativa.
- Formación relacionada coa convivencia.
- Recursos: materiais, asesoramento técnico.
- Valoración de resultados, conclusións e propostas de mellora.

A comisión de convivencia elaborará, ao rematar cada curso escolar, a correspondente memoria do plan de convivencia do centro, de acordo cos datos e coas conclusións extraídos do proceso de seguimento e avaliación e coas **propostas de mellora** que se consideren necesarias e que partirán principalmente, das suxestións do profesorado.

O consello escolar, en pleno, por proposta da súa comisión de convivencia, aprobará a memoria do plan de convivencia elaborada por esta. Esta memoria formará parte da memoria anual do centro.

ANEXO 1

PRINCIPIOS E FINS DA EDUCACIÓN.

(Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a LOE 2/2006, de 3 de maio, de Educación)

Artigo 1. Principios.

O sistema educativo español, configurado de acordo cos valores da Constitución e asentado no respecto aos dereitos e liberdades recoñecidos nela, inspírase nos seguintes principios:

- a) A calidade da educación para todo o alumnado, independentemente das súas condicións e circunstancias.
- b) A equidade, que garanta a igualdade de oportunidades para o pleno desenvolvemento da personalidade a través da educación, a inclusión educativa a igualdade de dereitos e oportunidades que axuden a superar calquera discriminación e a accesibilidade universal á educación e que actúe como elemento compensador das desigualdades persoais, culturais, económicas e sociais, con especial atención ás que deriven calquera tipo de discapacidade.
- c) A transmisión e posta en práctica de valores que favorezan a liberdade persoal, a responsabilidade, a cidadanía democrática, a solidariedade, a tolerancia, a igualdade, o respecto e a xustiza, así como que axuden a superar calquera tipo de discriminación.
- d) A concepción da educación como unha aprendizaxe permanente, que se desenvolve ao longo de toda a vida.
- e) A flexibilidade para adecuar a educación á diversidade de aptitudes, intereses, expectativas e necesidades do alumnado, así como aos cambios que experimentan o alumnado e a sociedade.
- f) A orientación educativa e profesional dos estudantes, como medio necesario para o logro dunha formación personalizada, que propicie unha educación integral en coñecementos, destrezas e valores.
- g) O esforzo individual e a motivación do alumnado.
- h) O esforzo compartido por alumnado, familias, profesores, centros, administracións, institucións e o conxunto da sociedade.
- h bis) O recoñecemento do papel que corresponde a os pais, nais e titores legais como primeiros responsables da educación dos seus fillos.
- i) A autonomía para establecer e adecuar as actuacións organizativas e curriculares no marco das competencias e responsabilidades que corresponden ao Estado, ás comunidades autónomas, ás corporacións locais e aos centros educativos.
- j) A participación da comunidade educativa na organización, goberno e funcionamento dos centros docentes.
- k) A educación para a prevención de conflitos e a resolución pacífica dos mesmos, así como para a non violencia en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, e en especial no do acoso escolar.
- l) O desenvolvemento, na escola, dos valores que fomenten a igualdade efectiva entre homes e mulleres, así como a prevención da violencia de xénero.
- m) A consideración da función docente como factor esencial da calidade da educación, o recoñecemento social do profesorado e o apoio á súa tarefa.
- n) O fomento e a promoción da investigación, a experimentación e a innovación educativa.
- ñ) A avaliación do conxunto do sistema educativo, tanto na súa programación e organización e nos procesos de ensino e aprendizaxe como nos seus resultados.

- o) A cooperación entre o Estado e as comunidades autónomas na definición, aplicación e avaliación das políticas educativas.
- p) A cooperación e colaboración das administracións educativas coas corporacións locais na planificación e implementación da política educativa.
- q) A liberdade de ensinanza, que recoñeza o dereito dos pais, nais e titores legais a elixir o tipo de educación e o centro para seus fillos, no marco dos principios constitucionais.

Artigo 2. **Fins.**

1. O sistema educativo español orientarase á consecución dos seguintes fins:

- a) O pleno desenvolvemento da personalidade e das capacidades dos alumnos.
- b) A educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas con discapacidade.
- c) A educación no exercicio da tolerancia e da liberdade dentro dos principios democráticos de convivencia, así como na prevención de conflitos e a súa resolución pacífica.
- d) A educación na responsabilidade individual e no mérito e esforzo persoal.
- e) A formación para a paz, o respecto aos dereitos humanos, a vida en común, a cohesión social, a cooperación e solidariedade entre os pobos así como a adquisición de valores que propicien o respecto cara aos seres vivos e o ambiente, en particular ao valor dos espazos forestais e o desenvolvemento sustentable.
- f) O desenvolvemento da capacidade dos alumnos para regular a súa propia aprendizaxe, confiar nas súas aptitudes e coñecementos, así como para desenvolver a creatividade, a iniciativa persoal e o espírito emprendedor.
- g) A formación no respecto e recoñecemento da pluralidade lingüística e cultural de España e da interculturalidade como un elemento enriquecedor da sociedade.
- h) A adquisición de hábitos intelectuais e técnicas de traballo, de coñecementos científicos, técnicos, humanísticos, históricos e artísticos, así como o desenvolvemento de hábitos saudables, o exercicio físico e o deporte.
- i) A capacitación para o exercicio de actividades profesionais.
- j) A capacitación para a comunicación na lingua oficial e cooficial, se a houbese, e nunha ou máis linguas estranxeiras.
- k) A preparación para o exercicio da cidadanía e para a participación activa na vida económica, social e cultural, con actitude crítica e responsable e con capacidade de adaptación ás situacións cambiantes da sociedade do coñecemento.

2. Os poderes públicos prestarán unha atención prioritaria ao conxunto de factores que favorecen a calidade do ensino e, en especial, a cualificación e formación do profesorado, o seu traballo en equipo, a dotación de recursos educativos, a investigación, a experimentación e a renovación educativa, o fomento da lectura e o uso de bibliotecas, a autonomía pedagóxica, organizativa e de xestión, a función directiva, a orientación educativa e profesional, a inspección educativa e a avaliación.

ANEXO 1 bis

Estatutos Europeos para os centros educativos democráticos e sen violencia:

Como sabemos, mozos e mozas de diferentes países da Unión Europea elaboraron uns Estatutos para os centros educativos democráticos sen violencia que compre ter moi presentes. Son sete grandes principios, de carácter xeral, ben útiles á hora de deseñar e poñer en marcha plans de convivencia escolar.

Son os seguintes:

- 1ª.- Todos os membros da comunidade educativa teñen dereito a un centro seguro e sen conflitos. Cada individuo ten a responsabilidade de contribuír á creación dun ambiente positivo que favoreza a aprendizaxe e o desenvolvemento persoal.
- 2ª.- Todos teñen dereito a ser tratados e respectados por igual con independencia das súas características persoais (sexo, raza, relixión, lingua, etc.). Todos gozan de liberdade de expresión sen riscos de discriminación ou represión.
- 3ª.- A comunidade educativa garante que todos os seus membros coñecen os seus dereitos e responsabilidades.
- 4ª.- Cada centro educativo democrático posúe un órgano de toma de decisións elixido democraticamente e composto por representantes dos estudantes, profesorado, pais e nais, e outros membros da comunidade educativa, segundo proceda. Todos os membros deste órgano teñen dereito de voto.
- 5ª.- Nun centro educativo democrático, os conflitos resólvense en estreita colaboración con todos os membros da comunidade educativa, dunha maneira construtiva e sen violencia. Todo centro educativo ten persoal e alumnado preparado para prever e solventar os conflitos por medio de actuacións de mediación e consenso.
- 6ª.- Todo caso de violencia é investigado e tratado coa maior rapidez posible, e é examinado en profundidade xa sexan alumnos ou calquera outros membros da comunidade educativa os implicados.
- 7ª.- O centro educativo forma parte da comunidade local. A cooperación e o intercambio de información con outras entidades locais son esenciais para a prevención e a resolución dos problemas.

ANEXO 2

FINS E PRINCIPIOS INFORMADORES DAS NORMAS SOBRE CONVIVENCIA NOS CENTROS DOCENTES.

LEI 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa

DECRETO 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.

Artigo 3. Fins e principios informadores das normas sobre convivencia nos centros docentes.

As normas sobre convivencia nos centros docentes establecidas nesta lei oriéntanse aos seguintes fins, que informarán a súa interpretación e aplicación:

- a) A garantía dun ambiente educativo de respecto mutuo que faga posible o cumprimento dos fins da educación e que permita facer efectivo o dereito e o deber de aproveitar de xeito óptimo os recursos que a sociedade pon á disposición do alumnado no posto escolar.
- b) A educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas.
- c) A prevención e o tratamento das situacións de acoso escolar mediante medidas eficaces.
- d) O recoñecemento ao profesorado, en especial aos membros dos equipos directivos dos centros docentes, das facultades precisas para previr e corrixir as condutas contrarias á convivencia, así como da protección xurídica adecuada ás súas funcións.
- e) A corresponsabilidade das nais e pais ou das titoras ou titores no mantemento da convivencia nos centros docentes, como un dos principais deberes que lles corresponden en relación coa educación dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas.
- f) Promover a resolución pacífica dos conflitos e fomentar valores, actitudes e prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas, avanzar no respecto entre todos os membros da comunidade educativa e a mellora da convivencia escolar.
- g) Avanzar no respecto entre todos os membros da comunidade educativa e na mellora da convivencia escolar.
- h) A promoción da sensibilización dos distintos sectores que interveñen na educación sobre a importancia da convivencia como parte fundamental para o desenvolvemento persoal e social do alumnado.

ANEXO 3

FINS E PRINCIPIOS INFORMADORES DAS NORMAS SOBRE PARTICIPACIÓN DIRECTA DAS FAMILIAS NO ENSINO E NO PROCESO EDUCATIVO.

LEI 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa (DOG 15-7-11)

Artigo 4. *Fins e principios informadores das normas sobre participación directa das familias no ensino e no proceso educativo.*

As normas sobre participación directa das familias e, se é o caso, dos restantes membros da comunidade educativa no ensino e no proceso educativo establecidas nesta lei oríéntanse aos seguintes fins, que informarán a súa interpretación e aplicación:

- a) A participación de todos os sectores afectados na programación xeral do ensino polos poderes públicos que garante o punto 5 do artigo 27 da Constitución española e o artigo 118 da Lei orgánica de educación.
- b) A regulación de procedementos de consulta e participación directa das familias, e, de ser o caso, doutros colectivos da comunidade educativa, no ensino, complementarios das canles institucionalizadas de participación nel e no funcionamento e goberno dos centros docentes previstos na lexislación educativa.
- c) A mellora da comunicación entre o profesorado e as nais e pais ou as titoras ou titores para facilitar a estes o exercicio dos dereitos e o cumprimento dos deberes que lles corresponden en relación coa educación dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas.

DEREITOS: LOE/LOMLOE

ALUMNADO (Disposición Final Primeira)	Pais/Nais/Titores/Titoras (Disposición Final Primeira)	Profesorado
1. Todos os alumnos teñen os mesmos dereitos e deberes, sen máis distincións que as derivadas da súa idade e do nivel que estean a cursar. 2. Todos os alumnos teñen o dereito e deber de coñecer a Constitución Española e o respectivo Estatuto de Autonomía, co fin de formarse nos valores e principios recoñecidos neles. 3. Recoñécense aos alumnos os seguintes dereitos básicos: a) A recibir unha formación integral que contribúa ao pleno desenvolvemento da súa personalidade. b) A que se respecten a súa identidade, integridade e dignidade persoais. c) A que a súa dedicación, esforzo e rendemento sexan valorados e recoñecidos con obxectividade. d) A recibir orientación educativa e profesional. e) A que se respecte a súa liberdade de conciencia, as súas conviccións relixiosas e as súas conviccións morais, de acordo coa	1. Os pais ou titores, en relación coa educación dos seus fillos ou pupilos, teñen os seguintes dereitos: a) A que reciban unha educación, coa máxima garantía de calidade, conforme cos fins establecidos na Constitución, no correspondente Estatuto de Autonomía e nas leis educativas. b) A escoller centro docente tanto público coma distinto dos creados polos poderes públicos. c) A que reciban a formación relixiosa e moral que estea de acordo coas súas propias conviccións. d) A estar informados sobre o progreso da aprendizaxe e integración socio-educativa dos seus fillos. e) A participar no proceso de ensino e aprendizaxe dos seus fillos.	

DEREITOS: LEI 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa (DOG 15-7-11)

ALUMNADO (Artigo 7)	Pais/Nais/Titores/Titoras (Artigo 6)	Profesorado (Artigo 8)
1. Se recoñecen ao alumnado os seguintes dereitos básicos de convivencia escolar, sen prexuízo dos establecidos nas leis orgánicas de educación: a) A recibir unha formación integral e coeducativa que contribúa ao pleno desenvolvemento da súa personalidade nun ambiente educativo de convivencia, liberdade e respecto mutuo. b) A que se respecten a súa identidade, integridade e dignidade persoais. c) Á protección integral contra toda agresión física ou moral, e en particular contra as situacións de acoso escolar. d) A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa, nos termos previstos no título IV da presente lei.	1. As nais e pais ou as titoras ou titores, en relación coa educación dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, son titulares dos seguintes dereitos de convivencia e participación, sen prexuízo dos establecidos nas leis orgánicas de educación: a) A ser respectados e recibir un trato adecuado polo resto da comunidade educativa. b) A estar informados sobre o progreso da aprendizaxe e integración socioeducativa dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, para o que se lles facilitará o acceso ao profesorado e aos membros dos equipos directivos dos centros docentes. c) A recibir información sobre as normas que regulamentan a convivencia nos centros docentes.	1. Ao profesorado, dentro do marco legal establecido e no ámbito da convivencia escolar, se lle recoñecen os seguintes dereitos: a) A ser respectado, recibir un trato adecuado e ser valorado polo resto da comunidade educativa e a sociedade en xeral no exercicio das súas funcións. b) A desenvolver a súa función docente nun ambiente educativo adecuado no que se preserve en todo caso a súa integridade física e moral. c) A participar e recibir a colaboración necesaria para a mellora da convivencia escolar e da educación integral do alumnado. d) A que se lle recoñezan as facultades precisas para manter un adecuado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e servizos complementarios e extraescolares. e) Á protección xurídica ade-

DEBERES: LOE/LOMLOE

ALUMNADO (Disposición Final)	Pais/Nais/Titores/Titoras (Disposición Final Primeira)	Artigo 91. Funcións do profesorado
4. Son deberes básicos dos alumnos: a) Estudar e esforzarse para conseguir o máximo desenvolvemento segundo as súas capacidades. b) Participar nas actividades formativas e, especialmente, nas escolares e complementarias. c) Seguir as directrices do profesorado. d) Asistir a clase con puntualidade. e) Participar e colaborar na mellora da convivencia escolar e na consecución dun adecuado clima de estudo no centro, respectando o dereito dos seus compañeiros á educación e a autoridade e orien-	2. Así mesmo, como primeiros responsables da educación dos seus fillos ou pupilos, correspóndelles: a) Adoptar as medidas necesarias, ou solicitar a axuda correspondente en caso de dificultade, para que os seus fillos ou pupilos cursen as ensinanzas obrigatorias e asistan regularmente a clase. b) Proporcionar, na medida das súas disposicións, os recursos e as condicións necesarias para o progreso escolar. c) Estimarlles para que leven a cabo as actividades de estudo que se lles encomendan. d) Participar de maneira activa nas actividades que se establezan en virtude dos compromisos educativos que os centros establezan coas familias, para mellorar o rendemento dos seus	1. As funcións do profesorado son, entre outras, as seguintes: a) A programación e a enseñanza das áreas, materias e módulos que teñan encomendados. b) A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado, así como a avaliación dos procesos de enseñanza. c) A titoría dos alumnos, a dirección e a orientación da súa aprendizaxe e o apoio no seu proceso educativo, en colaboración coas familias. d) A orientación educativa, académica e profesional dos alumnos, en colaboración, no seu caso, cos servizos ou departamentos especializados. e) A atención ao desenvolvemento intelectual, afectivo, psicomotriz, social e moral do alumnado. f) A promoción, organización e participación nas actividades complementarias, dentro ou fóra do recinto educativo, programadas polos centros. g) A contribución a que as actividades do centro se desenvolvan nun clima de respecto, de tolerancia, de participación e de liberdade para fomentar nos alumnos os valores da cidadanía democrática. h) A información periódica ás familias sobre o proceso de aprendizaxe dos seus fillos e fi-

DEBERES: LEI 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa (DOG 15-7-11)

ALUMNADO (Artigo 7)	Pais/Nais/Titores/Titoras (Artigo 6)	Profesorado (Artigo 8)
2. Son deberes básicos de convivencia do alumnado: a) Participar e colaborar na mellora da convivencia escolar e na consecución dun adecuado clima de estudo no centro, respectando o dereito dos seus compañeiros ou compañeiras á educación. b) Respetar a dignidade e as funcións e orientacións do profesorado no exercicio das súas competencias, recoñecéndoo como autoridade educativa do centro. c) Respetar a liberdade de conciencia, as conviccións relixiosas e morais, a igualdade de dereitos entre mulleres e homes e a dignidade, integridade e intimidade dos restantes membros da comunidade educativa. d) Respetar as normas de organización, convivencia e disciplina do centro docente.	2. Así mesmo, como primeiros responsables da educación dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, teñen os seguintes deberes: a) Coñecer, participar e apoiar a evolución do seu proceso educativo, en colaboración co profesorado e cos centros docentes. b) Coñecer as normas establecidas polos centros docentes, respectalas e facelas respectar, así como respectar e facer respectar a autoridade e as indicacións ou orientacións educativas do profesorado no exercicio das súas competencias. c) Fomentar o respecto polos restantes compoñentes da comunidade educativa. d) Colaborar cos centros docentes na prevención e corrección das condutas contrarias ás normas	2. Son deberes do profesorado: a) Respetar e facer respectar as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa. b) Adoptar as decisións oportunas e necesarias para manter un adecuado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e os servizos complementarios e extraescolares, corrixindo, cando lle corresponda a competencia, as condutas contrarias á convivencia do alumnado ou, no caso contrario, poñéndoo en coñecemento dos membros do equipo directivo do centro. c) Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar. d) Informar ás nais e pais ou ás titoras ou titores sobre o progreso da aprendizaxe e integración socioeducativa dos seus fillos ou fillas ou pupilos

ANEXO 10

DEREITOS E DEBERES DO PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E DE SERVIZOS.

LEI 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa (DOG 15-7-11)

DEREITOS	DEBERES
-----------------	----------------

1. Ao persoal de administración e de servizos dos centros docentes, dentro do marco legal establecido e no ámbito da convivencia escolar, recoñécenselle os seguintes dereitos:

- a) A ser respectado, recibir un trato adecuado e ser valorado polo resto da comunidade educativa e pola sociedade en xeral no exercicio das súas funcións.
- b) A desenvolver as súas funcións nun ambiente adecuado no que se preserve en todo caso a súa integridade física e moral.
- c) A participar, no exercicio das súas funcións, na mellora da convivencia escolar.

2. Son deberes do persoal de administración e de servizos:

- a) Respetar e colaborar, no exercicio das súas funcións, para facer que se respecten as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa.
- b) Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar.
- c) Informar aos responsables do centro docente e, de ser o caso, á Administración educativa das alteracións da convivencia, gardando reserva e sigilo

Actitudes do ALUMNADO que favorecen a convivencia

- ✓ Coidamos as entradas e saídas do colexio evitando entorpecer ou obstaculizar o paso do alumnado así como a beirarrúa.
- ✓ As escaleiras e corredores son lugares de paso, camiñamos en silencio, de forma ordenada e a modioño. Pensa que debe haber un ambiente de respecto cara o traballo dos demais.
- ✓ Mantemos un trato correcto e digno tanto dentro coma fóra do Colexio. O diálogo directo e respectuoso con todos é sempre mellor que a crítica, o desprezo e os malos modos.
- ✓ Evitamos os xogos violentos, as pelexas e agresións verbais así como incitar a outras persoas a que actúen en prexuízo de bens e/ou das persoas da Comunidade Educativa.
- ✓ Deberá utilizarse o diálogo para a resolución dos conflitos que se poidan presentar entre os

NAS CLASES E ESPAZOS COMÚNS

- ☒ Respetar a quenda da palabra.
- ☒ Levantar a man para intervir.
- ☒ Falar en voz baixa.
- ☒ Favorecer a actitude de axuda e colaboración.
- ☒ Respetar e valorar o traballo dos compañeiros.
- ☒ Resolver os conflitos de forma dialogada.
- ☒ Pedir as cousas por favor, dar as grazas e saudar ao entrar e saír do centro.
- ☒ Compartir e coidar os materiais.
- ☒ Recoller o material dunha tarefa antes de comezar con outra.
- ☒ Colaborar para manter a orde e limpeza

NO RECREO

- ☒ Xogamos respectando aos demais.
- ☒ Usar adecuadamente a auga da fonte e das billas, sen xogar con ela.
- ☒ Facer uso das papeleiras de centro.
- ☒ En caso de choiva deberán permanecer no patio cuberto sen balóns e pedindo permiso, o alumnado de infantil, para ir ao baño.
- ☒ O mobiliario do “parque infantil” do patio cuberto é para uso exclusivo do alumnado de infantil, 1º e 2º de primaria.
- ☒ Evitamos colgarnos das porterías e canastras do patio.

Recomendacións xerais para FAMILIAS**Outras recomendacións para FAMILIAS de alumnado de INFANTIL**

- ☒ O centro non se responsabiliza dos obxectos persoais do alumnado.
- ☒ A roupa deportiva do colexio debe estar marcada co nome e o seu uso é exclusivo da clase de Educación Física ou das actividades complementarias. Por respecto aos demais, nas aulas non se permanecerá con roupa empregada na clase de Educación Física.
- ☒ Débese marcar o mandilón e o material escolar.
- ☒ Débense adaptar as tomas das medicacións fóra do horario escolar.
- ☒ Entrevistas de tutoría:
 - 🕒 Nas etapas de primaria e secundaria é necesaria a presenza do alumnado nas entrevistas entre a familia e o profesorado.
 - 🕒 En Infantil, para un maior aproveitamento das entrevistas, os nenos non deberán asistir.
- ☒ Non se permite a presenza de familiares ou acompañantes nos corredores ou nas aulas durante a xornada escolar, salvo autorización previa da Dirección.

- ☒ Ante calquera incidencia referente aos seus fillos entregarase unha nota ao neno ou á mestra que estea na porta de entrada, para que lle de o recado á titora. En ningún caso se entrará nas aulas.
- ☒ Ante calquera dúbida ou problema deberase falar coa titora correspondente solicitando a entrevista previamente.
- ☒ Aconséllase seguir as orientacións da mestra respecto á aprendizaxe do neno ou nena.
- ☒ Débese traer sempre o mandilón e o día correspondente, o chándal. Deben estar marcados co nome e apelidos e cunha cinta para colgar.
- ☒ Aconséllase vestir aos nenos e nenas con roupa cómoda evitando cintos, tirantes e todo aquilo que dificulte a súa autonomía.
- ☒ Recoméndase evitar mandarlles obxectos que poidan distraer aos nenos e

ANEXO 11b:

NORMATIVA DO CENTRO.

NORMAS	✓ Respectamos a proposta educativa que fai o Colexio. ✓ O centro non se responsabiliza dos obxectos persoais do alumnado. ✓ Non se permite comer nas aulas, nos corredores e nos servizos. ✓ Asistimos ao colexio aseados e correctamente vestidos, de maneira adecuada para a práctica docente. Evitarase amosar a roupa interior, os “shorts” ou camisetas excesivamente curtas ou as caisetas con sisas esaxeradamente amplas. Non se permiten: gorras, viseiras; chancas; camisetas con slogans ou debuxos alusivos a tabaco, drogas, alcol, que fagan apoloxías do sexo ou da violencia; abelorios que chamen a atención, dificulten ou entorpezan o rendemento académico do alumnado. ✓ Prohíbese portar teléfonos móbiles, reprodutores de música, videoxogos ou similares no recinto do	HORA	✓ Débense cumprir e respectar os horarios de entrada e saída do colexio (Anexo 21). ✓ As saídas do centro fóra do horario habitual deben comunicarse previamente ao profesorado, por escrito, indicando se veñen recoller ao alumno ou alumna ou se pode saír só. No caso de alumnado ata 6º de primaria sempre deben vir recollelos ao centro. ✓ Darase aviso ao profesorado correspondente cando a persoa que habitualmente recolle ao neno ou nena non poida asistir. ✓ Débense xustificar as faltas de puntualidade e asistencia co rexistro correspondente (<i>Protocolo Educativo para a Prevención e o Control do Absentismo Escolar en Galicia. Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2014</i>). ✓ Poden ser consideradas como non xustificadas a reitera- Son deberes básicos de convivencia do alumnado: - Participar e colaborar na mellora da convivencia escolar e na consecución dun adecuado clima de estudo no centro, respectando o dereito dos seus compañeiros ou compañeiras á educación. - Respectar a dignidade e as funcións e orientacións do profesorado no exercicio das súas competencias, recoñecendo como autoridade educativa do centro. - Respectar a liberdade de conciencia, as conviccións relixiosas e morais, a igualdade de dereitos entre mulleres e homes e a dignidade, integridade e intimidade dos restantes membros da comunidade educativa. - Respectar as normas de organización, convivencia e disciplina do centro docente. - Conservar e facer un bo uso das instalacións e dos materiais do centro. - Intervir, a través das canles regulamentarias, en todo aquilo que afecte a convivencia dos seus respectivos centros docentes. - Seguir as directrices do profesorado respecto da súa
MATERIALES	✓ Todo membro do Colexio deberá colaborar no mantemento da limpeza e a orde en todas as dependencias. Neste sentido, é inaceptable calquera tipo de acción ou actitude que degrade o centro ou o material. ✓ Os recursos informáticos das aulas (PDI, ordenador e os seus accesorios...) non poden ser utilizados polo alumnado sen a autorización expresa do profesorado. ✓ O alumnado deberá contribuír ao aforro no centro e manterá posturas ecolóxicas no uso de recursos e materiais.	CONVIVENCIA	
	☒ Prohíbese fumar, consumir e/ou ofertar substancias prexudiciais para a saúde en todo o recinto do colexio e en calquera actividade escolar, segundo a lei vixente.		
REPARACIÓN	☒ O alumnado está obrigado a reparar os danos que cause, individual ou colectivamente, de forma intencionada ou por negligencia, ás instalacións e aos materiais dos centros docentes, incluídos os equipos informáticos e o software, e aos bens doutros membros da comunidade educativa, ou a facerse cargo do custo económico da súa reparación. Así mesmo, está obrigado a restituír o subtraído ou, se non for posible, a indemnizar o seu valor. As nais e pais ou as titoras ou titores serán responsables civís nos termos previstos pola lexislación vixente. Cando se incorra en condutas tipificadas como agresión física ou moral, deberase reparar o dano moral causado mediante a presentación de escusas e o recoñecemento da responsabilidade dos actos, ben en público ou en privado, segundo corresponda pola natureza dos feitos e de acordo co que, de ser o caso, determine a resolución que imponha a corrección da conduta (Artigo 13 da Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa).		
Autoridade do Profesorado	☒ O profesorado está facultado para requirir ao alumnado, dentro do recinto escolar e tamén durante a realización de actividades complementarias e extraescolares, a entrega de calquera obxecto, substancia ou produto que porte e que estea expresamente prohibido polas normas do centro, resulte perigoso para a súa saúde ou integridade persoal ou a dos demais membros da comunidade educativa ou poida perturbar o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares. O requirimento previsto neste punto obriga a alumna ou alumno requirido á inmediata entrega do obxecto, que será depositado polo profesorado na dirección do centro coas debidas garantías, quedando á disposición da nai ou pai ou da titora ou titor, se a alumna ou alumno que o porta for menor de idade, ou da propia alumna ou alumno, se for maior de 18 anos, unha vez terminada a xornada escolar ou a actividade complementaria ou extraescolar, todo iso sen prexuízo das correccións disciplinarias que poidan corresponder. (Artigo 11 da Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa)		

O incumprimento de calquera destas normas, levará á aplicación das medidas correctoras sinaladas e tipificadas no RRI do noso centro e neste plan de convivencia, de acordo coa lexislación vixente.

En determinadas actividades extraescolares o equipo docente aplicará criterios de selección do alumnado en función de circunstancias excepcionais.

Os profesores e o Consello Escolar velarán polo efectivo cumprimento destas normas e confían en que o seu seguimento facilite o normal desenvolvemento do curso escolar.

NORMATIVA PARA FAMILIAS E PROFESORADO

N
O
R
M
A
T
I
V
A
P
A
R
A
F
A

- ✓ Débese velar pola asistencia puntual á clase do seu fillo ou filla.
- ✓ Débense xustificar por escrito as faltas de asistencia ou puntualidade. (*Protocolo Educativo para a Prevención e o Control do Absentismo Escolar en Galicia. Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2014*).
- ✓ Os pais/nais/titores legais teñen a responsabilidade de fomentar nos seus fillos/as o espírito de disciplina, cooperación e solidariedade con todos os compoñentes da comunidade educativa, co ánimo de acadar entre todos un desenvolvemento non só académico senón integral da personalidade na formación do alumno/a.

RESPONSABILIDADE DAS NAIS E PAIS OU DAS TITORAS OU TITORES.

- ✓ As audiencias e comparecencias das nais e pais ou das titoras ou titores do alumnado menor de idade **nos procedementos disciplinarios** regulados nesta sección son obrigatorias para eles, e a súa desatención reiterada e inxustificada será comunicada ás autoridades competentes para os efectos da súa posible consideración como incumprimento dos deberes inherentes á patria potestade ou á tutela. (*Artigo 27 da Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa*)

N
O
R
M
A
T
I
V
A
P
A
R
A
P
R
O
F
E
S
O

1. O profesorado está obrigado a (RRI):
 - a) Exercer as súas funcións segundo a lexislación vixente, as condicións estipuladas no seu contrato e/ou nomeamento e as directrices da Entidade Titular.
 - b) Cooperar no cumprimento dos obxectivos do Proxecto Educativo do Centro e seguir, no desempeño das súas funcións, as directrices establecidas no Proxecto Curricular da Etapa e nas Programacións do Centro.
 - c) Promover e participar nas actividades Pastorais e Complementarias, dentro e fóra do recinto escolar, programadas polos profesores/as, Ciclos ou Seminarios, incluídas na Programación Xeral do Centro.
 - d) Participar na elaboración da programación específica da área ou materia que imparte, no seo do Equipo Docente do curso, ciclo e no Seminario correspondente.
 - e) Elaborar a programación de aula.
 - f) Avaliar o proceso de ensino/aprendizaxe.
 - g) Orientar aos/as alumnos/as, de acordo co/a orientador/a do Centro nas técnicas de traballo e de estudo específico da súa área ou materia, dirixir as prácticas ou Seminarios relativos á mesma, así como analizar e comentar con eles as probas realizadas.
 - h) Manter unha actitude de respecto e diálogo con todos os membros da Comunidade Educativa.
 - i) Manter a orde e a disciplina dentro do exercicio das súas funcións, tanto na aula coma en todo o recinto escolar.
 - k) Participar na avaliación dos distintos aspectos da Acción Educativa.
 - l) Absterse, no seu labor educativo e docente, de tomar partido por unha opción política ou sindical determinada.
 - m) Asistir ao centro con actitude positiva e decoro, cumprindo puntualmente o calendario e horario escolar docente.
 - n) Implicarse no seu perfeccionamento e desenvolvemento persoal profesional.
 - o) Gardar segredo profesional de toda información teña acceso pola súa condición e posto de traballo e cumprir coas esixencias da Lei Orgánica de Protección de Datos.
 - p) Aquelas outras que determine a normativa vixente.
- ✓ Asistir con puntualidade ás clases. Evitar ausentarse delas excepto por causas maiores.
- ✓ Asistir ás reunións para as que fora convocado.
- ✓ Colaborar no mantemento da orde e a disciplina dentro do recinto escolar.
- ✓ É obriga dos profesores coidar de que o alumnado manteña limpas e en bo estado as dependencias que utilicen.
- ✓ É unha obriga do profesorado ensinar os exames corrixidos aos alumnos que o soliciten, sen que isto interfira noutras clases.
- ✓ A exclusión do alumnado das aulas constitúe un recurso excepcional, tan só xustificable en beneficio do bo clima de traballo dos compañeiros do seu grupo. Se un profesor se ve neste caso, informará por escrito de tal incidencia á Xefatura de Estudos con mención expresa das circunstancias que motivaron a adopción de tal medida. Dito informe, ou amoestación, debe presentalo o profesor xunto co alumno ao Xefe de Estudos. O Xefe de Estudos impoñerlle, se procede e despois de escoitalo, unha sanción acorde coa falta e lle esixirá un compromiso de modificación da súa conduta.
- ✓ Crear e manter nas clases o clima de traballo e participación necesarios para o aproveitamento das actividades docentes,

ANEXO 12

CUESTIONARIO DE CONVIVENCIA ESCOLAR NO CENTRO EDUCATIVO

Cuestionario para ser cuberto polo profesorado, alumnado, familias e persoal non docente para logo comparar as distintas visións e artellar medidas integrais de mellora da convivencia.

A avaliación de necesidades completarase con entrevistas abertas aos distintos profesionais de saúde, dos servizos sociais e de asociacións integrados no Observatorio de Convivencia. Ademais, farase unha análise cualitativa dos partes de faltas das distintas clases así como dos expedientes sancionadores a alumnos.

A elaboración da síntese desta información e das correspondentes propostas de mellora corresponderalle ao Observatorio de Convivencia.

I. Valoración global da convivencia: segundo a seguinte escala valorativa:

1 (moi malo) 2 (malo) 3 (regular) 4 (normal) 5 (bo) 6 (moi bo) 7 (excelente)

1. Como valora os seguintes aspectos da convivencia no seu centro?

- O clima de traballo e as relacións entre o profesorado	1	2	3	4	5	6	7
- As relacións co equipo directivo	1	2	3	4	5	6	7
- As relacións do profesorado co alumnado	1	2	3	4	5	6	7
- As relacións do alumnado co profesorado	1	2	3	4	5	6	7
- As relacións entre o alumnado	1	2	3	4	5	6	7
- As relacións do profesorado coas familias	1	2	3	4	5	6	7
- As relacións das familias co profesorado	1	2	3	4	5	6	7
- As relacións do persoal non docente co resto da comunidade educativa	1	2	3	4	5	6	7
- As relacións da comunidade educativa co contorno escolar	1	2	3	4	5	6	7
- As relacións do centro cos servizos sociosanitarios	1	2	3	4	5	6	7
- As relacións coa Administración educativa	1	2	3	4	5	6	7

2. Os conflitos que se producen con máis frecuencia son:

- Entre profesorado e o equipo directivo	1	2	3	4	5	6	7
- Entre profesorado	1	2	3	4	5	6	7
- Entre profesorado e alumnado	1	2	3	4	5	6	7
- Entre alumnado	1	2	3	4	5	6	7
- Entre o profesorado e as familias	1	2	3	4	5	6	7
- Entre pais/nais e fillos/as	1	2	3	4	5	6	7
- Entre as familias	1	2	3	4	5	6	7
- Entre o centro escolar e a administración educativa	1	2	3	4	5	6	7
- Entre o centro escolar e o concello	1	2	3	4	5	6	7
- En relación co persoal non docente	1	2	3	4	5	6	7

3. Cales dos seguintes conflitos se teñen producido con máis frecuencia no centro nos últimos anos?

- Agresións verbais entre alumnado	1	2	3	4	5	6	7
------------------------------------	---	---	---	---	---	---	---

- Agresións físicas entre alumnado	1	2	3	4	5	6	7
- Agresións verbais de profesorado a alumnado	1	2	3	4	5	6	7
- Agresións físicas de profesorado a alumnado	1	2	3	4	5	6	7
- Agresións verbais de alumnado a profesorado	1	2	3	4	5	6	7
- Agresións físicas de alumnado a profesorado	1	2	3	4	5	6	7
- Intimidación e acoso entre alumnado	1	2	3	4	5	6	7
- Problemas entre o profesorado	1	2	3	4	5	6	7
- Vandalismo ou deterioro grave nas cousas	1	2	3	4	5	6	7
- Roubos	1	2	3	4	5	6	7
- Problemas co consumo de drogas	1	2	3	4	5	6	7
- Condutas disruptivas nas aulas (interromper a clase)	1	2	3	4	5	6	7
- Indisciplina (insultos, malas contestacións, falta respecto)	1	2	3	4	5	6	7
- Acoso sexual	1	2	3	4	5	6	7
- Absentismo e deserción escolar	1	2	3	4	5	6	7

4. Na súa opinión, cales das seguintes iniciativas serían útiles para mellorar a convivencia no centro educativo?:

- Reforzar a disciplina no centro	1	2	3	4	5	6	7
- Consensuar normas entre alumnado e profesorado	1	2	3	4	5	6	7
- Favorecer o traballo cooperativo entre o alumnado	1	2	3	4	5	6	7
- Unificar os criterios de actuación entre o profesorado	1	2	3	4	5	6	7
- Darlle máis participación ás familias na xestión do centro	1	2	3	4	5	6	7
- Colaborar cos servizos sociais, de saúde e asociacións	1	2	3	4	5	6	7
- Mellorar as relacións entre profesorado e familias	1	2	3	4	5	6	7
- Mellorar as condicións de traballo do profesorado	1	2	3	4	5	6	7
- Facer grupos de alumnado máis reducidos	1	2	3	4	5	6	7
- Mellorar os recursos do centro educativo	1	2	3	4	5	6	7
- Formar ao profesorado sobre resolución de conflitos	1	2	3	4	5	6	7
- Informar ás familias sobre estratexias diante dos conflitos	1	2	3	4	5	6	7
- Facer grupos de mediación en conflitos nos centros	1	2	3	4	5	6	7
- Adaptar o currículo ás necesidades do alumnado	1	2	3	4	5	6	7
- Utilizar unha metodoloxía máis activa e participativa	1	2	3	4	5	6	7
- Utilizar un estilo docente respectuoso e positivo	1	2	3	4	5	6	7

CLIMA DA AULA

Determinar o clima social dun grupo permite, en moitas ocasións, comprender as condutas que se producen, detectar ás persoas illadas dentro do grupo, o liderado doutras, etc. e, deste xeito, facilita a toma de decisións á hora de abordar as posibles situacións perturbadoras da convivencia escolar.

Normas de aplicación: Antes de iniciar o cuestionarios, convén:

- Crear un clima positivo favorecedor da sinceridade nas respostas, sobre todo entre preadolescentes e adolescentes, que poden tender á suspicacia.
- Deixar claro o carácter confidencial da proba, que só se utilizará para a composición de grupos ao longo do curso.
- Comprobar que foron entendidas as instrucións de realización.
- Impedir que os rapaces e rapazas se comuniquen entre si, porque os resultados poderían verse afectados.
- Deixar tempo para a súa realización.
- Indicar que cada estudante deberá sinalar nas preguntas dos cuestionarios un máximo de tres compañeiros ou compañeiras, tendo en conta tamén as persoas ausentes ese día.

CUESTIONARIO SOCIOMÉTRICO PARA NENOS E NENAS (6-10)

N O M E

APELIDOS.....

CURSO..... **GRUPO**.....

1. Quen son os tres nenos ou nenas da túa clase cos que máis che gusta xogar?

Por que che gusta xogar con eles ou con elas?

2. Quen son os tres nenos ou nenas da túa clase cos que menos che gusta xogar?

Por que non che gusta xogar con eles ou con elas?

3. ADIVIÑA quen é o neno ou a nena da túa clase:

- 3.1. que ten máis amigos e amigas
- 3.2. máis triste
- 3.3. a quen máis quere o profesorado
- 3.4. máis alegre
- 3.5. que máis axuda aos demais
- 3.6. que máis sabe
- 3.7. que menos amigos e amigas ten
- 3.8. que máis molesta aos demais
- 3.9. que menos sabe
- 3.10. a quen menos quere o profesorado

CUESTIONARIO SOCIOMÉTRICO PARA PREADOLESCENTES (11-13)

NOME..... APELIDOS.....
CURSO..... GRUPO.....

1. Quen son os tres rapaces ou rapazas da túa clase cos que máis che gusta traballar?

Por que che gusta traballar con eles ou con elas?

2. Quen son os tres rapaces ou rapazas da túa clase con quen menos che gusta traballar?

Por que non che gusta traballar con eles ou con elas?

3. Quen son os tres rapaces ou rapazas da túa clase con quen máis che gusta estar durante o tempo libre (saír, nos recreos...)?

Por que che gusta estar con eles ou con elas?

4. Quen son os tres rapaces ou rapazas da túa clase con quen menos che gusta estar durante o tempo libre (saír, nos recreos...)?

Por que non che gusta estar con eles ou con elas?

5. Quen é o rapaz ou a rapaza de a túa clase que destaca por:

5.1.ter moitos amigos/as.

5.2.non ter amigos/as

5.3. levarse ben co profesorado

5.4. levarse mal co profesorado

5.5. ser simpático cos compañeiros e compañeiras

5.6. ser antipático cos compañeiros e compañeiras

5.7. a súa capacidade para atender e escoitar aos demais

5.8. estar frecuentemente chamando a atención dos demais

5.9. a súa capacidade para resolver conflitos entre compañeiros/as

5.10. a agresividade a súa

5.11. saber comunicarse

5.12. ter problemas para comunicarse

CUESTIONARIO SOCIOMÉTRICO PARA ADOLESCENTES (14-18)

NOME

APELIDOS.....

CURSO..... GRUPO

1. Quen son os tres rapaces ou rapazas da túa clase con quen máis che gusta traballar?

Por que che gusta traballar con eles ou con elas?

2. Quen son os tres rapaces ou rapazas da túa clase con quen menos che gusta traballar?

Por que non che gusta traballar con eles ou con elas?

3. Quen son os tres rapaces ou rapazas da túa clase con quen máis che gusta estar durante o tempo libre (saír, nos recreos...)?

Por que che gusta estar con eles ou con elas?

4. Quen son os tres rapaces ou rapazas da túa clase con quen menos che gusta estar durante o tempo libre (saír, nos recreos...)?

Por que non che gusta estar con eles ou con elas?

5. Quen é o rapaz ou rapaza da túa clase que destaca por:

- 5.1. ter moitos amigos
- 5.2. ter poucos amigos.....
- 5.3. levarse ben co profesorado.....
- 5.4. levarse mal co profesorado.....
- 5.5. ser simpático ou simpática cos compañeiros/as.....
- 5.6. ser antipático ou antipática cos demais.....
- 5.7. a súa capacidade para entender aos demais.....
- 5.8. non entender aos demais.....
- 5.9. a súa agresividade.....
- 5.10. a súa capacidade para resolver conflitos entre os compañeiros e compañeiras
- 5.11. estar disposto ou disposta a axudar aos demais
- 5.12. a súa falta de comprensión ante a debilidade dos demais
- 5.13. saber comunicarse
- 5.14. ter problemas para comunicarse
- 5.15. ocultar a súa inseguridade tratando de parecer todo o contrario
- 5.16. sentirse fracasado/a
- 5.17. sentirse superior
- 5.18. querer chamar sempre a atención
- 5.19. ser inmaduro/a

Aplicación de medidas preventivas:	Aplicación de medidas sancionadoras:
De todas estas comparecencias do alumnado, a familia ten constancia xa que debe asinar os rexistros de parte de incidencias enviados.	Unha vez esgotadas as medidas preventivas (o <u>diálogo</u>) a Xefatura de Estudos decide se se inician as medidas sancionadoras. En función da gravidade da acción decídese a sanción máis adecuada. Nesta decisión poden e deben implicarse o profesorado, o profesorado titor e o/a coordinador/a da etapa. 1. O profesorado poderá sancionar a medida 1 con falta leve ao alumno que non cumpra as normas de convivencia. Aplicaranse as medidas correctoras recollidas no RRI e no anexo: Protocolo de actuación. 2. O profesorado titor poderá sancionar a falta leve as medidas 1 e 2. 3. O coordinador poderá sancionar d falta leve as medidas 1, 2 e 3. 4. Xefatura de Estudos poderá sancionar a falta leve as medidas 1, 2, 3 e 4. 5. Dirección e a Comisión de Convivencia poderán sancionar falta leve e falta grave.

FALTAS LEVES	MEDIDAS CORRECTORAS
1. a) As agresións físicas ou psíquicas, as inxurias e as ofensas leves contra os demais membros da comunidade educativa. b) Os actos de discriminación leve contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. c) Os actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado e ao persoal de administración e de servizos que constitúan unha indisciplina leve. d) Os danos leves causados de forma intencionada ou por negligencia leve ás instalacións e aos materiais dos centros docentes, incluídos os equipos informáticos e o software, ou aos bens doutros membros da comunidade educativa ou de terceiros, así como a súa subtracción. e) Os actos inxustificadas que perturben levemente o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar. f) As actuacións levemente prexudiciais para a saúde e a integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro, ou a incitación a elas. 2. Portar calquera obxecto, substancia ou produto expresamente prohibido polas normas do centro que sexa perigoso para a saúde ou integridade persoal do alum-	P re v e nt iv as 1. Amoestacións verbais: Consistirán en avisos verbais ou en chamadas de atención sobre a conduta constitutiva de falta do alumno; na medida do posible intentarase que sexa privada. Comunicarase ás familias a amoestación verbal, mediante os instrumentos establecidos e que estes se dean por avisados da amoestación firmando en ditos instrumentos (nota no caderno de traballo, axenda...). 2. Amoestación escrita: O profesor informa por escrito aos pais e ao titor sobre a falta cometida polo alumno, utilizando o modelo preparado para estes casos. As amoestacións por escrito serán acumulables. 3. Reunión entre familia e profesor/a: O profesor, despois de ter informado por escrito aos pais e ao titor sobre a falta cometida polo alumno, terá una entrevista coa familia do alumno/a para informar da situación problemática. 4. Reunión entre familia e titor/a: O titor/a manterá unha entrevista coa familia e o alumno/a se os problemas persisten. S a n c i o n a d o r as 1. Realización de traballos específicos en horario lectivo. 2. Realización, en horario non lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do centro. 3. Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de ata dúas semanas. 4. Cambio de grupo por un período de ata unha semana. 5. Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá de realizar os deberes ou os traballos que se determinen para evitar a interrupción do proceso

As condutas leves contrarias á convivencia **prescriben ao mes** da súa comisión. O prazo de prescripción comezará a contar desde o día en que a conduta se leve a cabo, salvo cando se trate dunha conduta con-

FALTAS GRAVES	MEDIDAS CORRECTORAS
1. As accións ou omisións gravemente contrarias ao Carácter Propio do Centro e á normativa do centro. 2. As agresións físicas ou psíquicas, as injurias e as ofensas graves, as ameazas e as coaccións contra os demais membros da comunidade educativa. 3. Os actos de discriminación grave contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación e identidade sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. 4. Os actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado e ao persoal de administración e de servizos que constitúan unha indisciplina grave. 5. A gravación, manipulación ou difusión por calquera medio de imaxes ou informacións que atenten contra o dereito á honra, a dignidade da persoa, a intimidade persoal e familiar e a propia imaxe dos demais membros da comunidade educativa. 6. As actuacións que constitúan acoso escolar consonte o establecido polo artigo 28 da Lei 4/2011. 7. A suplantación de personalidade en actos da vida docente e a falsificación, alteración ou subtracción de documentos académicos. 8. Os danos graves causados de forma intencionada ou por negligencia grave ás instalacións e aos materiais dos centros docentes, incluídos os equipamentos informáticos e o software, ou aos bens doutros membros da comunidade educativa ou de terceiros, así como a súa subtracción. 9. Os actos inxustificadas que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar. 10. As actuacións gravemente prexudiciais para a saúde e integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro ou a incitación a elas.	a) Realización, dentro ou fóra do horario lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro. b) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de entre dúas semanas e un mes. c) Cambio de grupo. d) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días lectivos e dúas semanas. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo. e) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de entre catro días lectivos e un mes. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo. f) Cambio de centro. g) Suspensión da participación nos servi- Impón as medidas correctoras a dirección despois da instrución dun procedemento corrector que pode ser conciliado ou común.
As condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes prescriben aos catro meses da súa comisión. O prazo de prescrición comezará a contar desde o día en que a conduta se leve a cabo, salvo cando se trate dunha conduta continuada, caso en que o prazo de prescrición non empezará a computar até que se produza a súa comisión definitiva.	

ANEXO 16

FUNCÍONS DO DELEGADO DE CLASE

- ✓ Exercer a representación do alumnado da súa aula.
- ✓ Asistir e participar nas reunións da Xunta de Delegados e o Xefe de Estudos.
- ✓ Expoñer aos órganos de goberno e de coordinación docente as suxestións e reclamacións do grupo ao que representan.
- ✓ Informar aos seus compañeiros do tratado na Xunta de Delegados.
- ✓ Fomentar a convivencia entre os alumnos e alumnas do grupo intervindo como mediador na resolución de conflitos.
- ✓ Colaborar co Titor e co Equipo Docente nos temas que afecten ao funcionamento do grupo de alumnos.
- ✓ Fomentar a adecuada utilización do material e das instalacións da aula e do colexio.
- ✓ Responsabilizarse da “axenda de aula” .
- ✓ Todas aquelas funcións que se establezan na Xunta de Delegados e o Xefe de Estudos.

FUNCÍONS DO SUBDELEGADO DE CLASE

- ☒ Representar, xunto co Delegado, aos compañeiros da súa aula.
- ☒ Desempeñar as funcións do Delegado na súa ausencia.
- ☒ Asistir e participar nas reunións da Xunta de Delegados e o Xefe de Estudos.
- ☒ Colaborar co Delegado na totalidade das súas funcións.
- ☒ Todas aquelas funcións que se establezan na Xunta de Delegados e o Xefe de Estudos.

Se o delegado acumula faltas leves, quedaría automaticamente suspendido das súas funcións; sendo substituído polo subdelegado. Esta norma tamén atinxe ao subdelegado, sendo substituído neste caso polo suplente.

Información de amoestaci3ns/sanci3ns

Data	Profesor/a que amoesta/sanciona	Alumno/a	Curso	Motivo	L Mg G	Medio de aviso á familia	Sanción/Expulsión da aula	X.E.

Sanción/Expulsión: Informar cunha palabra do tipo de sanción e/ou se o/a alumno/a foi expulsado/a da aula.

X.E. A cubrir polo Xefe de Estudos.

O ordenador miniportátil está destinado ao uso educativo persoal dos alumnos e alumnas na clase, para a realización das tarefas escolares programadas polo profesorado correspondente, conforme ás normas de organización e funcionamento do centro docente.

Estes equipos son propiedade da Xunta de Galicia. Son un instrumento de traballo escolar ao que se ten acceso polo feito da participación do CPR Plurilingüe San José no Proxecto Abalar.

O alumnado ao que vai dirixido deberá cumprir e respectar en todo momento a normativa do centro. O feito de non aceptar estas normas ou de non as respectar trae consigo a restrición ou perda dos privilexios de acceso ao mesmo.

Cada alumno do centro recibirá un portátil do que será responsable, como mínimo, durante o curso, con independencia do momento no que fai a matrícula. Os equipos permanecerán sempre no centro que é o depositario dos mesmos por delegación da Xunta de Galicia.

Normativa aplicable

LOE/LOMLOE Disposición final primeira

ALUMNADO	Pais/Nais/Titores/Titoras
4. Son deberes básicos dos alumnos: c) Seguir as directrices do profesorado. g) Respectar as normas de organización, convivencia e disciplina do centro educativo. h) Conservar e facer un bo uso das instalacións do centro e materiais didácticos.	2. Así mesmo, como primeiros responsables da educación dos seus fillos ou pupilos, correspóndelles: f) Respectar e facer respectar as normas establecidas polo centro, a autoridade e as indicacións e orientacións educativas do profesorado.

Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.

ALUMNADO (Artigo 7)	Pais/Nais/Titores/Titoras (Artigo 6)
2. Son deberes básicos de convivencia do alumnado: b) Respectar a dignidade e as funcións e orientacións do profesorado no exercicio das súas competencias, recoñecendo como autoridade educativa do centro. d) Respectar as normas de organización, convivencia e disciplina do centro docente. e) Conservar e facer un bo uso das instalacións e dos materiais do centro. g) Seguir as directrices do profesorado respecto da súa educación e aprendizaxe.	2. Así mesmo, como primeiros responsables da educación dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, teñen os seguintes deberes: b) Coñecer as normas establecidas polos centros docentes, respectalas e facelas respectar, así como respectar e facer respectar a autoridade e as indicacións ou orientacións educativas do profesorado no exercicio das súas competencias.
Artigo 13. Responsabilidade e reparación de danos. 1. O alumnado está obrigado a reparar os danos que cause, individual ou colectivamente, de forma intencionada ou por negligencia, ás instalacións e aos materiais dos centros docentes, incluídos os equipos informáticos e o software, e aos bens doutros membros da comunidade educativa, ou a facerse cargo do custo económico da súa reparación. Así mesmo, está obrigado a restituír o subtraído ou, se non for posible, a indemnizar o seu valor. As nais e pais ou as titoras ou titores serán responsables civís nos termos previstos pola lexislación vixente. 3. O réxime de responsabilidade e reparación de danos establecido neste artigo é compatible coas correccións disciplinares que, de ser o caso, correspondan.	

Normativa do centro

NORMAS XERAIS (Alumnado)	COLABORACIÓN (Familias)
--------------------------	-------------------------

1. Cada ordenador portátil ten unha etiqueta **co número que lle corresponde a cada alumno/a**. Sempre se collerá o portátil que lle corresponda a cada un, para que exista unha responsabilidade persoal no coidado do mesmo.
2. O **equipo é responsabilidade do alumno** para o traballo de clase. Ante calquera incidencia debe avisar inmediatamente ao profesor/a indicando todos os detalles que o profesor lle solicite en relación á incidencia.
3. É obriga e responsabilidade de cada alumno/a do centro o coidado do portátil asignado e o seu mantemento en bo estado. O alumno/a é responsable de manter o ordenador portátil no estado no que se lle entregou e non contribuír ao seu deterioro físico.

A familia deberá:

- a) **Colaborar** co profesorado na educación dixital segura e responsable.
- b) **Fomentar** o uso educativo de internet e o respecto ao resto de persoas que utilizan internet, interesándose polos seus hábitos dixitais e, en especial, polo tipo e contidos das webs e redes sociais que frecuenta.

CONSELLOS PARA O COIDADO DO PORTÁTIL

1. Cando se estea a traballar co equipo, deberá colocarse nun lugar estable a salvo de posibles incidencias: caídas, golpes, evitando posibles caídas de obxectos sobre el e de calquera outra circunstancia na que perigue a integridade física do aparello.
2. É inadecuado coller o portátil pola pantalla, sempre debe transportarse colléndoo pola base.
3. Débese abrir o portátil por un lateral para evitar o deterioro da cámara web que se sitúa na parte central do portátil.
4. Recoméndase tratar co coidado adecuado a pantalla. A pantalla é táctil pero non é indestrutible. Tocarse cos dedos ou co bolígrafo incorporado no propio portátil de maneira adecuada.
5. Débese evitar a exposición do portátil ao sol, á chuvia e ás fontes de calor; por exemplo, non colocalo a carón dun radiador.
6. O portátil é para utilizar durante o desenvolvemento das clases polo tanto, non se pode comer nin beber cando se estea a usar.
7. Non se poden colocar obxectos de ningunha clase sobre o portátil nin cando estea aberta nin cando estea pechada a tapa.

NORMATIVA PARA O PROFESORADO**NORMAS BÁSICAS**

1. Supervisar o uso que os alumnos lle dan ao portátil nas súas clases, evitando que entren en páxinas de contidos que non teñen que ver co obxecto de estudo e fomentando a utilización dos recursos adecuados.
2. Fomentar o uso educativo de internet e o respecto ás restantes persoas que utilizan dita rede.
3. Colaborar coas familias na educación dixital segura e responsable.
4. En caso de avaría, virus, mal funcionamento ou actualización de software é probable que sexa necesario formatar o ordenador e reinstalar de forma automática. Por iso **deberase recordar ao alumnado a importancia de facer sempre que se poida unha copia de seguridade dos contidos do ordenador.**
5. O profesor/a é o responsable de que os portátiles, unha vez rematada a xornada lectiva, queden correctamente gardados no carros de carga de cada clase, baixo chave.

NAS CLASES

1. Responsabilizarse da chave do carro de carga: Collela para abrir o carro e deixala no seu lugar ao rematar a clase.
2. Responsabilizarse do bo uso do ordenador. **Utilizar o portátil soamente cando contribúa a mellorar o proceso de ensino/aprendizaxe.**
3. Preparar e organizar o traballo que se quere realizar na clase cos ordenadores e organizar e dirixir o traballo dos alumnos. (Ter claro que se quere traballar e como).
4. Levar previsto un “plan B”, é dicir, unha clase preparada na que non sexa necesario o uso de ordenadores por se se produce algunha incidencia importante.
5. Explicar claramente a tarefa que se vai realizar, como se vai desenvolver, canto tempo se dedicará á actividade e cal é o resultado que se quere, antes de que os alumnos/as collan os ordenadores.
6. Organizar e dirixir ou encargarse persoalmente da entrega e recollida dos portátiles ao inicio e ao final da clase.

NON ESTÁ PERMITIDO

- a) Modificar a configuración do sistema operativo, materiais, datos ou programas e violar as restricións que teña o portátil.
- b) Instalar programas.
- c) O sistema/rede non poderá ser utilizado con propósitos ilegais.
- d) Trasladar o portátil fóra da aula ou fora do centro, sen o permiso da Dirección.

ANEXO 19

PROTOCOLO DE ACOSO ESCOLAR

Considérase acoso escolar calquera forma de vexación ou malos tratos continuados no tempo dun alumno ou alumna por outro ou outra ou outros, xa sexa de carácter verbal, físico ou psicolóxico, incluído o illamento ou baleiro social, con independencia do lugar onde se produza. Terán a mesma consideración as condutas realizadas a través de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que teñan causa nunha relación que xurda no ámbito escolar.

Medidas para a prevención e detección da situación de acoso escolar.

- a) Realización de **campañas de sensibilización** do profesorado, das nais e pais ou das titoras ou titores e do alumnado contra o acoso escolar, que axuden a previlo e preparen a todos os membros da comunidade educativa para detectalo e reaccionar fronte a el.
- b) Establecemento de **canles específicas** que faciliten a denuncia polas vítimas das situacións de acoso escolar como por exemplo as reunións trimestrais do Xefe de Estudos coa Xunta de Delegados.
- c) **Determinación das medidas** que se deben adoptar no caso de detección dunha situación de acoso escolar para poñerlle fin a esta, sen prexuízo das correccións disciplinarias que correspondan. En todo caso, preverase a designación pola persoa titular da dirección do centro ou titular do centro concertado dunha persoa responsable da atención á vítima entre o persoal do propio centro docente, procurando, cando sexa posible, que a designación recaia sobre unha persoa coa que a vítima garde unha relación de confianza ou proximidade.
- d) Nos supostos menos graves de situación de acoso, favorecemento da **mediación** realizada por alumnado do centro educativo que obtivese formación e cualificación para a intervención nestas situacións.

PROTOCOLO DE ACTUACIÓN UNHA VEZ DETECTADO O ACOSO

Aínda que a liña de actuación prioritaria que se recolle nesta publicación vai enfocada á prevención e á paulatina mellora da convivencia escolar, cómpre establecer protocolos comúns de actuación unha vez que situacións graves, como o acoso, están documentadas e probadas.

É imprescindible diferenciar claramente outro tipo de manifestacións violentas (sen continuidade no tempo, sen inferioridade dalgunha das persoas participantes,...) dos casos de verdadeiro acoso escolar. As situacións de acoso veñen definidas pola coincidencia simultánea de:

- evidente intención de facer dano
- condutas agresivas reiteradas
- desequilibrio de forzas entre a persoa ou persoas acosadoras e a vítima.

Non debemos esquecer tampouco que calquera membro da comunidade educativa ten a obriga de poñer en coñecemento do equipo directivo do centro a posible existencia de indicios razoables

dunha situación desta índole. A partir desta detección hai que realizar unha recollida de información e contraste da mesma, que permita tomar a decisión máis axeitada a cada caso concreto.

En distintos anexos deste protocolo pódense atopar modelos de recollida e estruturación da información para facilitar a tarefa de investigación que hai que levar a cabo.

Unha vez constatado que realmente se está ante un caso de acoso escolar, os **pasos** que haberá que seguir serán os seguintes:

1. A dirección do centro redactará un informe no que se reflictan os datos significativos recollidos na investigación, que se remitirá á Inspección Educativa.
2. O centro informará da situación á Delegación Provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e á Fiscalía de Menores. Estas institucións débense poñer en contacto cos Servizos Sociais do Concello, se existen e, de non existir, coa Consellería de Traballo e Benestar.
3. Convén estar en contacto cos distintos servizos e institucións para realizar actuacións coordinadas.
4. A dirección do centro manterá informado do proceso que se está a seguir ao Consello Escolar, que é o responsable de impoñer as oportunas correccións.
5. O expediente seguirá o curso establecido no *Real Decreto 732/1995, do 5 de maio de 1995, dereitos e deberes dos alumnos e normas de convivencia (capítulo III)*. En todo caso, ao intervir a Fiscalía de menores, o expediente quedará en suspenso en espera da correspondente resolución xudicial.
6. O centro educativo arbitrará medidas de actuación, complementarias ás correctivas, que permitan paliar os efectos negativos da situación de acoso e eviten que se repita. Para a organización das mesmas é fundamental ter en conta a información recollida ao longo do proceso de investigación para poder adaptalas a cada caso en concreto en función das súas características. Estas actuacións levaranse a cabo coa vítima, coa persoa ou persoas agresoras e coas persoas observadoras en particular, e, de un xeito máis global, con toda a comunidade educativa. É moi importante a contextualización destas actuacións e que nelas estean involucradas todas as persoas ou institucións que poidan contribuír positivamente: equipo directivo, titorías, profesorado, departamento de orientación, familias, persoal non docente, equipos de orientación específicos, servizos sociais, Fiscalía de Menores, ONG, asociacións (veciñais, culturais, etc).
7. Estas actuacións deben ser coñecidas polo Consello escolar, que valorará a súa eficacia.

A presenza de internet no mundo escolar, relacionada co aumento do uso das novas tecnoloxías da comunicación, é imparabile, o mesmo que noutros moitos campos. As vantaxes destes medios son evidentes, pero tamén poden presentar inconvenientes e, no caso que nos ocupa, certos riscos.

No artigo 28 da Lei 4/2011 propónse unha extensión da definición do acoso escolar, indicando que terán a mesma consideración as condutas de acoso realizadas a través de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que teñan causa nunha relación que xurda no ámbito escolar.

Definición de ciberacoso

O ciberacoso ou *ciberbullying* é o uso das redes sociais, correo electrónico, blogs e outros ámbitos das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) en prexuízo dunha ou máis persoas, ou da súa imaxe pública.

Se comparamos isto con casos típicos de acoso escolar, veremos que, por unha parte, o ciberacoso non supón agresións físicas, pero, por outra, ten moito máis alcance tanto na difusión espacial coma na temporal, cunha continuidade que pode ser permanente e non limitada ao horario escolar.

Criterios de identificación do ciberacoso

O ciberacoso caracterízase polos seguintes aspectos:

1. A situación perdura no tempo. Quedan excluídas as accións puntuais que, aínda que puidesen ser un delito, non constitúen ciberacoso.
2. Adoita existir contacto ou relación previa no mundo físico entre vítima e persoa ou persoas acosadora/s.
3. Existe intención de causar dano, aínda que non sempre se dá nos primeiros estadios do proceso.
4. Realízase mediante o emprego de medios TIC. Pode tratarse de internet ou calquera dos servizos asociados; teléfono móbil, redes sociais, plataformas de difusión de contidos, foros, blogs...

Tipos de ciberacoso

O ciberacoso pode concretarse en:

- **Fustrigamento:** cando se envían imaxes ou vídeos denigrantes sobre unha persoa, virus informáticos, mensaxes ameazantes...
- **Exclusión:** cando se usan contornos públicos para mandar comentarios despectivos ou rumores difamatorios co fin de provocar unha resposta expansiva, cando se lle nega o acceso a foros ou plataformas sociais á vítima...
- **Manipulación:** cando se utiliza información para difundila de xeito inapropiado entre os membros das redes sociais, cando se accede coa clave doutra persoa e se realizan accións que poden prexudicala no seu nome...

Unha vez que se verificou unha posible situación de ciberacoso, o centro educativo deberá traballar de xeito inmediato e simultáneo en tres liñas de actuación: valoración, comunicación e accións de protección.

Protocolo de actuación

Ante situacións de ciberacoso será de aplicación o establecido no protocolo de acoso escolar que se desenvolve neste documento, para o que se terán en consideración as seguintes particularidades:

- É imprescindible conservar as probas do ciberacoso durante todo o tempo, sexa cal fose a forma na que se manifeste. Para esta conservación poderán capturarse pantallas en modo imaxe e vídeo, imprimir páxinas, copiar ficheiros... aspecto que deberá realizarse antes de iniciar calquera actuación coa posible persoa agresora ou persoas agresoras.
- Tratar de identificar as posibles persoas autoras do ciberacoso (atopar o seu enderezo IP, acudir a especialistas en informática e ás forzas e corpos da seguridade do Estado), pero, en todo caso, sen lesionar os dereitos de ningunha persoa.
- Contactar coa compañía do medio empregado para cometer o acoso (compañía de teléfono, propietario do dominio ou sitio web etc.), coa finalidade de coñecer o procedemento que cómpre seguir para obter a información necesaria.
- Se é o caso, denunciar o acoso ás forzas e corpos de seguridade do Estado que dispoñen de unidades de delitos informáticos (Policía Nacional, Garda Civil e Policía Autonómica).
- Todas estas accións deberán estar enmarcadas na máis absoluta discreción e confidencialidade.
- Para valorar este tipo de condutas tomaranse en consideración os seguintes aspectos:
 - Características e natureza das accións analizadas e dos dispositivos tecnolóxicos utilizados na comisión dos feitos.
 - Natureza e difusión das accións.
 - Facilidade/dificultade para deter o ciberacoso.
 - Tempo de exposición da vítima ao ciberacoso.
 - Idade e características psicolóxicas da vítima e da persoa ou persoas presunta/s agresora/s.
 - Repercusión e impacto na vítima.
- A información recollida deberá detallar, ademais:
 - Relación co ámbito escolar.
 - Natureza, intensidade, difusión e gravidade da situación coñecida.

Estratexias preventivas

Ante situacións de ciberacoso serán válidas moitas das estratexias establecidas no protocolo de acoso escolar desenvolvidas neste documento, aínda que mencionaremos aquí algunhas máis específicas e particulares do ciberacoso.

Os profesionais do ensino deben estar atentos á maneira en como utilizan eles mesmos e como utiliza o alumnado os medios informáticos e ter claro como actuar en cada situación, como guiar o alumnado e como aconsellar as familias, de aí que se deban potenciar as boas prácticas nestes tres ámbitos de actuación:

Profesorado e centro

- Coñecer o funcionamento da web, en especial das redes sociais, para dominar o medio e poder aconsellar o alumnado e as familias.
- Aplicar medidas de seguridade nos equipos informáticos escolares (controlar o software instalado, as contas de usuario, o almacenamento de documentos, quen utiliza os equipos en cada hora, etc.).
- Establecer normas de uso dos equipos na aula (definir que pode e que non pode facer o alumnado, como debe organizar o seu material, respectar o material doutro alumnado, onde pode ou non pode acceder, etc.).
- Empregar sistemas de control e filtrado (facer revisións periódicas, monitorizar os equipos do alumnado mentres traballan –co seu coñecemento–, filtrar e bloquear páxinas, contidos ou programas non desexados, etc.).
- Realizar un uso didáctico e controlado das redes en sentido positivo, como actividade, incluíndo as boas prácticas, a seguridade e a prevención como contidos.
- Detección de problemas: documentarse sobre a sintomatoloxía dos problemas e estar atento a calquera indicio de ciberacoso ou malas prácticas.
- Evidentemente, en aulas que son utilizadas por varios grupos de alumnado, debe haber unha boa coordinación entre o profesorado en canto a normas e medidas.

Alumnado

- Aconsellar que controlen a súa identificación e a circulación dos seus datos persoais (alias, ingreso en grupos etc.). Resulta o máis importante como prevención. En concreto, algunhas recomendacións habituais son:
- Non crear contas en foros e redes sociais cos datos persoais, senón utilizando alias. Comunicar a propia identidade de forma privada só a aqueles outros membros cos que hai confianza e interesa que nos identifiquen.
- Non establecer citas ou outras actividades presenciais con persoas que non coñecesen antes persoalmente, isto é, fóra da rede.
- Non comunicar o domicilio, datos de contacto, datos bancarios, etc., tampouco datos persoais de terceiras persoas.
- Sondar periodicamente a rede mediante un buscador, para saber se os seus datos persoais ou imaxes figuran nalgunha web.

Consellos para non acosar: aproveitar o papel dos docentes para conciencialos de que a web non é o lugar apropiado para resolver diferenzas con outras persoas, e que a emisión de mensaxes hostís remata sendo prexudicial para todos. Promover o respecto e a prudencia.

Pais

Consellos para non ser acosado: ser prudente e respectuoso ao empregar a web para

- Adecuar as medidas de seguridade e control á vulnerabilidade das súas fillas ou dos seus fillos, dándolles máis autonomía a cambio de responsabilidade segundo se fagan máis maduras ou maduros.
- Aceptar internet como un instrumento que pode resultar beneficioso se se utiliza ben. Non botarlle a culpa de todos os males ante calquera desacordo cos seus fillos ou coas súas fillas.
- Tratar de non exercer de policía, senón de conseguir que os seus fillos ou as súas fillas acepten como natural certo grao de control. O mellor é que acorden conxuntamente unha serie de condicións para o uso da web (horario, tipo de contidos), tanto mediante os ordenadores coma os móbiles.

- Se fose posible, promover que o alumnado non manexe o ordenador pechado no seu cuarto, senón en presenza de outros familiares. Evitar forzalo a que nos permita ver a pantalla, é moito máis efectivo ter confianza para preguntarlle con quen se comunica e que nos conte de forma natural que é o que fai na rede. O ideal é darlle apoio, implicarse nos seus proxectos, ou mesmo facerse membro das mesmas redes sociais.
- Estar atentos a calquera síntoma de desacougo, cambios de humor repentinos, etc., sobre todo se coinciden cos accesos á web.
- Sondar periodicamente a rede mediante un buscador para detectar imaxes, datos persoais ou comunicacións dos seus fillos ou das súas fillas.

Resulta moi beneficioso manter un contacto profesorado-familia para comunicar calquera síntoma de acoso que se detecte no alumnado e tomar medidas canto antes.



INFORMACIÓN SOBRE POSIBLE CASO DE ACOSO ESCOLAR

CENTRO	
ENDEREZO	
TELÉFONO	
CORREO ELECTR.	

ORIXE DA INFORMACIÓN:

Profesor/a do grupo	
Outro profesor/a	
Titor/a	
Orientador	
Persoal non docente	
Agredido/a	
Observador/a	
Familia da persoa agredida	
Outro pai ou nai	
Servizos médicos	
Asistencia social	
Outros	

PERSOA ACOSADA:

NOME	
CURSO	
GRUPO	

FEITOS OCORRIDOS:

DESCRICIÓN DE FEITOS	MEDIDAS EN CURSO
----------------------	------------------

--	--

CENTRO	
ALUMNO/A	
GRUPO	

CONDUTAS	SEMPRE	ÁS VECES
R E L A C I Ó N S O C I A L I S	Cambios nos tempos de chegada e saída da escola	
	Cambios nos itinerarios de ida e volta ao centro	
	Cambios nas súas relacións persoais no centro	
	Cambios nas súas relación persoais fóra do centro	
	Busca acompañarse de persoas adultas	
	Busca da soidade no centro	
	Busca da soidade fóra do centro	
	Abandono de actividades que antes lle interesaban sen razón aparente	
	Descoida o seu aspecto físico	
E S T A D O S D E Á N I M O	Estado de ansiedade	
	Preocupación	
	Pechamento sobre si mesmo/a	
	Desconfianza	
	Desinterese	
	Tendencia á tristeza e a chorar facilmente	
	Nerviosismo repentino	
	Dificultades de comunicación nas tarefas	
	Dificultades de comunicación nas relacións co grupo	
	Cambios de humor	
	Molestias físicas (vómitos, dores,...)	
	Inseguridade, desconfianza en si mesmo/a	
	Negativa a falar sobre a situación	
	Actuacións agresivas	
	Diminución da autonomía persoal	
A C T I T U D E S N A T A R E F A E S C O L A R	Dificultades de concentración nas tarefas	
	Actitude negativa ante as tarefas	
	Diminución da calidade dos seus traballos	
	Actitude pasiva xeral (tenta pasar sempre desapercibido/a)	
	Actitude pasiva ante situacións violentas nas que non está implicado/a	
	Prefire traballar só/soa	
	Baixa no seu rendemento escolar	
	Diminución da autoestima	

Acoso escolar

	Puxéronlle alcumes que non lle gustan		
	En actividades de grupo non é elidido/a		
	Desaparécenlle pertenzas escolares ou persoais		
	Actitude pasiva		
	Fai actividades ou tarefas que non lle corresponden		
	Non se presta para participar en actividades voluntarias		
	Desinterese en actividades a realizar fóra do horario habitual		

CENTRO	
ALUMNO/A	
GRUPO	

CONDUCTAS		SEM- PRE	ÁS VE- CES
R E L A C I Ó N S O C I A I S	Cambios nos tempos de chegada e saída da escola		
	Cambios nos itinerarios de ida e volta ao centro		
	Cambios nas súas relación persoais fóra do centro		
	Busca acompañarse de persoas adultas		
	Busca da soidade no centro		
	Busca da soidade fóra do centro		
	Abandono de actividades que antes lle interesaban sen razón aparente		
	Descoida o seu aspecto físico		
	Comentarios negativos sobre a súa clase ou seu centro escolar		
	Prefire quedar na casa a saír		
E S T A D O S D E Á N I M O	Estado de ansiedade		
	Preocupación		
	Pechamento sobre si mesmo/a		
	Desconfianza		
	Desinterese		
	Tendencia á tristeza e a chorar facilmente		
	Nerviosismo repentino		
	Cambio nas rutinas relacionadas co sono		
	Cambio nas rutinas de alimentación		
	Cambios de humor		
	Molestias físicas (vómitos, dores,...)		
	Inseguridade, desconfianza en si mesmo/a		
	Actuacións agresivas (malas contestacións, agresividade con irmáns)		
O U T R A S A C T I T U D E S	Actitude negativa ante as tarefas		
	Diminución da calidade dos seus traballos		
	Desaparécenlle pertenzas escolares ou persoais		
	Fai actividades ou tarefas que non lle corresponden		
	Pide máis cartos dos habituais		
	Deixa de recibir visitas, chamadas,... de amigos/as		
	Nerviosismo en momentos de saír da casa		
	Nerviosismo ante o teléfono, uso de Internet, móvil,...		
	Rompe pertenzas, traballos... sen razón		

Acoso escolar

	Non quere falar das súas relacións		
	Desinterese en actividades a realizar fóra do horario habitual		

DATOS DO CENTRO:

CENTRO	
ENDEREZO	
TELÉFONO	
CORREO ELECTR.	
TITOR/A	

DATOS DOS/AS IMPLICADOS/AS

A) Presunta vítima:

NOME E APELIDOS	
CURSO	
GRUPO	

B) Presuntos/as acosadores/as:

NOMES E APELIDOS	
CURSOS	
GRUPOS	

C) Testemuñas:

ALUMNOS/AS (especificar nomes e cursos)	
PROFESORES/AS	
PERSOAL NON DOCENTE	
OUTRAS PERSOAS (especificar nomes e relación co centro se a hai)	

DATOS SOBRE OS SUCESOS OCORRIDOS

1) Lugar, datas, frecuencia

LUGAR	DATAS	REPETIDAMENTE (SI
Clase do grupo		
Outra clase (informática, música, plástica...). Cal?		
Patio		
Baños		
Vestuario/ximnasio		
Corredores		
Comedor		
Autobús		
Accesos ao centro		
Fóra do centro		
Outros ()		

TIP O	ACCIÓN	REPETICIÓN			
		1	2	3	4
V E R B A L	Alcumes				
	Insultos				
	Provocacións				
	Desprestixio (comentarios en relación co aspecto físico, raza, relixión, costumes, gustos...)				
	Ridiculización pública				
	Linguaxe non verbal despectiva				
	Comentarios sexistas ou xenófobos				
	Outros. Cales? _____				
FÍ S I C O	Incomodar (descolocarlle as cousas, empuxóns suaves, tirarlle de roupa...)				
	Agocharlle as súas cousas				
	Intimidación 8ameazas de violencia física, amago de pegarlle...)				
	Agresións leves				
	Golpes illados				
	Tundas				
	Extorsión (facer cousas doutros/as, traer cartos...)				
	Outros. Cales? _____				
S O C I A L	Non dirixirlle a palabra				
	Buscar o seu illamento no grupo e no centro				
	Difundir informacións falsas sobre a persoa				
	Humillacións				
	Ridiculización das súas opinións, gustos, aspecto... na súa pre-				
	Comentarios negativos sobre o grupo ao que pertence (sexo, orientación sexual...)				
	Outros. Cales? _____				
M E D I O S TÉ C N I C O	Mensaxes de móbil ofensivas, intimidatorios ou non desexadas				
	Correo electrónico ofensivo, intimidatorio ou non desexado				
	Utilización da súa imaxe sen permiso				
	Utilización da súa imaxe modificada para ridiculizar				
	Outros. Cales? _____				
OBSERVACIÓNS (información relevante non incluída, consecuencias observadas na vítima, accións xa en marcha, a curto prazo, conclusións)					

Data e sinatura

DIRECCIÓN DO CENTRO
PONSABLE DO INFORME

RES-

ANEXO 21

Horario de entrada

E. INFANTIL

Ás 9:00 h pola Rúa do Baño.

A porta abrírase ás 8:55 h (días de choiva ás 8:50 h) e pecharase ás 9:10 h.

→ Reúnense todos na entrada e van á clase coa súa profesora.

→ Entran directamente a súa clase.

E. PRIMA-

E. PRIMA-

ESO

Ás 9:00 h.

A porta abrírase ás 8:55 h (os días de choiva ás 8:50 h) e pecharase ás 9:05 h.

Horario de saída

E. INFANTIL

4º EI
(3 anos)

→ **Ás 13:50 h pola rúa do Baño.**
As profesoras entregarán os nenos e nenas ás familias .

5º EI
(4 anos)

→ **Ás 13:50 h no patio de arriba.**
Os nenos e nenas esperarán ás familias sentados no banco.
As profesoras supervisan a reco-

6º EI
(5 anos)

E. PRIMA-

E. PRIMA-

ESO

Ás 14:00 h.

O alumnado baixará ata a entrada do colexio acompañado do profesorado.

ANEXO 22

DECRETO 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.

Artigo 55. Compromisos educativos para a convivencia

1. En todos os casos de condutas contrarias á convivencia, mesmo cando non haxa conciliación por non ser aceptadas as desculpas pola persoa ou persoas prexudicadas, poderase suspender a aplicación das medidas correctoras adoptadas se a alumna ou o alumno corrixida ou corrixido ou, de ser o caso, as persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e asinan un compromiso educativo para a convivencia.

2. Nun compromiso educativo para a convivencia deberá figurar de forma clara e detallada a que se compromete a alumna ou o alumno ou, de ser o caso, as persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e, e as actuacións de formación para a convivencia, prevención e de modificación de condutas, que aquelas/es se comprometen a levar a cabo, persoalmente ou mediante a intervención de institucións, centros docentes ou persoas adecuadas. Igualmente, deberán constar os mecanismos de comunicación e coordinación co centro.

3. A falta de cumprimento dos compromisos adquiridos por parte da alumna ou do alumno ou, de ser o caso, das persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e determinará a aplicación inmediata das medidas correctoras suspendidas.

4. Cada centro educativo poderá concretar nas súas normas de organización e funcionamento o procedemento para acordar co alumnado corrixido e, de ser o caso, coas persoas proxenitoras ou representantes legais destas/es compromisos educativos para a convivencia segundo o previsto neste artigo.

ANEXO 23

DECRETO 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.

Artigo 52. Procedemento común

1. O procedemento común de corrección de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia do centro utilizarase cando a alumna ou o alumno ou, de ser o caso, as persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e opten por el, ou cando non sexa posible desenvolver o procedemento conciliado.
2. O procedemento común require da instrución dun procedemento corrector, de acordo co previsto neste decreto.

Artigo 53. Desenvolvemento do procedemento común

1. A persoa responsable da tramitación deste procedemento corrector será unha persoa docente do centro designada como persoa instrutora.
2. A persoa instrutora deberá precisar no expediente o tipo de conduta da alumna ou do alumno, así como a corrección que corresponde en función dos feitos probados, das circunstancias concorrentes e do seu grao de responsabilidade.

A persoa instrutora disporá de cinco días lectivos para a instrución do procedemento corrector, contados a partir da súa designación.
3. Finalizada a instrución do procedemento, a persoa instrutora formulará a proposta de resolución e dará audiencia á alumna ou ao alumno e, se fose menor de idade non emancipada/o, ás persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e, convocándoos a unha comparecencia que terá lugar no prazo máximo de tres días lectivos contados a partir da recepción da citación. Na referida comparecencia poderán acceder a todo o actuado e do resultado expedirase acta.

ANEXO 24

DECRETO 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.

Artigo 49. Procedemento conciliado

1. O procedemento conciliado pretende favorecer a implicación e o compromiso do alumno ou alumna corrixido/a e da súa familia, ofrecer a posibilidade de que a persoa agraviada se sinta valorada, axudar a consensuar as medidas correctoras e facilitar a inmediatez da corrección educativa.

2. O procedemento conciliado **poderá aplicarse** de se cumpriren os seguintes requisitos:

- a) Que a alumna ou o alumno responsable dalgunha das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia recoñeza a gravidade da súa conduta, estea disposta ou disposto a reparar o dano material ou moral causado e se comprometa a cumprir as medidas correctoras que correspondan.
- b) No caso de que haxa outros membros da comunidade educativa afectados pola súa conduta, que estes mostren a súa conformidade a acollerse ao dito procedemento.

3. O procedemento conciliado **non procederá** nos seguintes casos:

- a) Cando se aprecie que a conduta presenta unha especial e notoria gravidade.
- b) Cando a persoa agraviada ou, para o caso de alumnado menor de idade non emancipado/a, as persoas proxenitoras ou representantes legais deste non comuniquen a súa disposición a acollerse ao procedemento conciliado.
- c) Cando a alumna autora ou o alumno autor da conduta ou, de ser menor de idade non emancipado/a, as persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e non comuniquen a súa disposición para acollerse ao procedemento conciliado.
- d) Cando xa se fixese uso deste procedemento de corrección durante o mesmo curso escolar, coa mesma alumna ou co mesmo alumno, para corrixir unha conduta semellante.

4. O procedemento conciliado require da instrución dun procedemento corrector, de acordo co previsto neste decreto.

Artigo 50. Desenvolvemento do procedemento conciliado

1. Cando a alumna ou o alumno ou, de ser menor non emancipado/a, as persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e opten por corrixir a conduta polo procedemento conciliado, a dirección convocará a persoa docente designada como instrutor/a do procedemento corrector e as persoas afectadas a unha reunión, no prazo máximo dun día lectivo contado desde o remate do prazo para a comunicación da opción elixida.

2. Na reunión, a persoa instrutora recordarlles ás afectadas e aos afectados ou, de ser menor non emancipado/a, ás persoas proxenitoras ou representantes legais destas/es que están a participar nun procedemento conciliado a que se someteron voluntariamente, e que iso supón acatar o acordo que derive deste. Tamén advertirá a alumna ou o alumno e, de ser o caso, as persoas ou representantes legais desta/e que as declaracións que se realicen formarán parte do expediente do procedemento corrector no suposto de que non se alcance a conciliación.

3. Posteriormente, a persoa instrutora exporá e valorará a conduta que é obxecto de corrección facendo fincapé nas consecuencias que tivo para a convivencia escolar e para os demais membros da comunidade edu-

cativa e, oídas as partes, proporá algunha das medidas correctoras para aquela conduta. A continuación, a persoa instrutora dará a palabra á alumna ou ao alumno e ás persoas convocadas para que manifesten as súas opinións sobre a conduta que se pretende corrixir e realicen as consideracións oportunas sobre a súa corrección.

4. A petición de desculpas por parte da alumna ou do alumno será tida en conta como circunstancia que condiciona a súa responsabilidade, á hora de determinar a medida correctora que se vaia adoptar.

5. Finalmente, as persoas participantes no procedemento deberán acordar a medida correctora que consideren máis adecuada para a conduta da alumna ou do alumno e, se procede, as medidas educativas reparadoras referidas no artigo 35 do decreto 8/2015 (Reparación de danos). Deberá quedar constancia escrita da conformidade coas medidas correctoras fixadas por parte do alumno ou da alumna autor/a da conduta e da persoa agraviada ou, de ser menor non emancipado/a, das persoas proxenitoras ou representantes legais deste/a. O acordo consensuado polas partes será ratificado pola persoa que exerza a dirección do centro.

6. O incumprimento por parte da alumna ou do alumno das medidas correctoras acordadas dará lugar á corrección da súa conduta mediante o procedemento común.

7. O procedemento conciliado finalizará unha vez obtido o acordo entre as partes. No caso de que non se logre o acordo, continuarase a corrección polo procedemento común.

Artigo 51. Intervención dunha persoa mediadora no procedemento conciliado

1. No procedemento conciliado actuará unha persoa mediadora na forma que se estableza nas normas de organización e funcionamento do centro.

2. A persoa mediadora non substituirá a instrutora do procedemento, senón que colaborará con ela para lograr o achegamento entre as persoas afectadas e o seu consenso na medida correctora que se vaia aplicar.

3. As funcións que poderá desempeñar a persoa mediadora neste procedemento serán as seguintes:

- a) Contribuír ao proceso de conciliación.
- b) Axudar a que cada unha das persoas afectadas comprenda cales son os intereses, necesidades e aspiracións das outras partes para chegar ao entendemento.
- c) Apoiar o adecuado cumprimento do acordado no procedemento conciliado.

PARTE DE CONVIVENCIA

Nome e apelidos
Curso
Profesor/a

Data
Hora
Aula/Lugar

CONDUTAS	
DISRUPCIÓNS	
	Falar ou rir de forma continuada
	Facer ruídos ou xestos improcedentes
	Empregar o móbil, mp3, mp4, mp5...
CO PROFESORADO E PERSOAL	
	Ignorar indicacións do profesorado ou persoal
	Dirixirse de forma improcedente ou maleducada
	Faltar ao respecto
COS COMPAÑEIROS	
	Molestar, ofender ou ameazar
	Participar en pelexas
	Agredir fisicamente
ANTE AS MATERIAS	
	Non traer o material
	Dedicarse a outras cousas na aula
	Manifestar pasividade ou desinterese
MATERIAIS OU INSTALACIÓNS	
	Neglixencia ou maltrato

MEDIDAS	
MEDIDA INMEDIATA (As familias <u>teñen que estar informadas</u> das condutas e das medidas adoptadas)	
	Amoestación
	Comunicación ao titor/a
	Comunicación ao coordinador/a de etapa
	Comunicación á xefa de estudos
	Expulsión da clase
	Outras
MEDIDAS DE CORRECCIÓN	
	Advertencia do profesor ou profesora
	Advertencia do titor ou titora
	Advertencia do coordinador ou coordinadora
	Advertencia da xefa de estudos
	Advertencia do director
	Desculpas
	Sen recreo (acompañado do profesor que sanciona)
	Tarefa
	Aboar custo
	Outras

	Emprego sen permiso de obxectos dos compa-
	Furtar material
OUTRAS	
	Saír/entrar sen permiso na aula
	Comer na aula
	Perturbar a orde en momentos sen clase
	Chegar tarde a clase reiteradamente sen xustifi-
	Comportarse mal en actividades complem/ ex-

COMUNICACIÓN AOS PAIS/TITORES	
	Teléfono (Parte oral)
	Entrevista
	Outra:

Observacións:

Data e sinatura:

ANEXO 25**Protocolo de xénero****Medidas de prevención, detección e intervención ante posibles casos de discriminación, acoso escolar, violencia de xénero ou maltrato infantil por identidade de xénero.**

Tal e como recolle o noso plan de convivencia dos centros no procedemento para a corrección de condutas contrarias á convivencia, no que se inclúen as condutas de acoso, discriminación, violencia de xénero ou maltrato ao menor transexual. No caso de detectarse, actuarase segundo o previsto nos ditos protocolos. Cando se constate que o atentado contra a dignidade do/a menor foi por causas relacionadas coa súa identidade de xénero, aplicaranse as medidas correctoras correspondentes e, en particular, a expulsión de centro, temporal ou definitiva, da persoa infractora, como medidas correctoras asociadas ás condutas que vulneran a dignidade persoal doutros membros da comunidade educativa que teñen como orixe ou consecuencia unha discriminación ou acoso baseado no sexo, orientación sexual ou identidade sexual, segundo se recolle no artigo 124 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación segundo a redacción dada pola Lei 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.

Calquera membro da comunidade escolar que teña coñecemento ou sospeita dunha situación de acoso escolar, violencia de xénero ou maltrato infantil de calquera alumno ou alumna, por identidade de xénero dentro do centro escolar, ten a obriga de poñelo en coñecemento dos responsables do centro segundo os procedementos que cada centro estableza no seu plan de convivencia.

Naqueles casos nos que, a causa da actitude da familia, dun ou de ambos proxenitores, cara á identidade de xénero do alumno ou da alumna, se detecten indicios de non respecto da identidade sexual do ou da menor, que poidan supoñer unha situación de maltrato, ao obxecto de garantir o interese superior do menor, actuarase segundo os protocolos establecidos polos servizos de asistencia e protección de menores.

ANEXO 26

Protocolo de prevención do risco suicida.

Prevención primaria con todo o alumnado

A conduta suicida non ten unha única causa, xorde frecuentemente na interacción entre factores de risco relevantes en combinación coa falta de factores protectores. As estratexias de prevención no ámbito educativo desenvolveranse de xeito coordinado entre o profesorado, alumnado, equipo directivo, familias e servizos de orientación e asesoramento da Administración Educativa.

Prevención secundaria co alumnado en situación de risco.

A orixe da sospeita de que un alumno ou unha alumna está tendo problemas emocionais de risco pode proceder de distintas fontes: a familia, o profesorado, o/a docente titor/a, os/as compañeiros/as, o Departamento de Orientación ou os servizos sociosanitarios. O primeiro de todo é tomar en serio toda ameaza de suicidio. Cando isto sucede faise necesaria a intervención da Xefatura do Departamento de Orientación, o orientador ou orientadora do centro.

Prevención terciaria: intervención educativa no intento autolítico.

Nos casos de intento autolítico, os/as docentes titores/as, o/a orientador/a do centro e o equipo directivo son as persoas de referencia para calquera actuación.

O equipo directivo debe comunicar a tentativa de suicidio, á familia, a Inspección Educativa e poñerse en contacto co 061 ou 112,

Informarase tamén respecto á intimidade do/a alumno/a ao equipo docente e, sempre co consentimento expreso da familia e do/a menor en maiores de 14 anos, ao alumnado, para implicalos na aplicación das estratexias de avaliación e intervención.

Solicitarase por parte do centro, se o estiman necesario, o asesoramento do Equipo de Orientación Específico, así como dos servizos sociosanitarios, coa conformidade da familia.

Posvención: elaboración do proceso de dó nos centros educativos.

Os compañeiros do centro, o equipo escolar e os proxenitores teñen que ser informados do suicidio e da elaboración do proceso de dó que se vai a desenvolver na comunidade educativa. O dó é un traballo de elaboración dos afectos e significados que seguen á perda dun ser querido.

No ámbito educativo, o asesoramento deberían realizalo os profesionais que se relacionan habitualmente coas persoas que se enfrontan ao proceso de dó.

A continuación relacionamos algunhas das estratexias xerais para a elaboración do proceso de dó nos centros educativos, que deberán ser adaptadas en función do contexto e da etapa educativa do alumnado, así como coordinadas polo/a orientador/a e o equipo directivo:

- O centro educativo debe atender canto antes as necesidades do alumnado que se vexa inmerso no proceso de dó e co-laborar coas familias para reforzar os seus referentes (nais, pais, profesorado).
- Os contornos familiar e escolar deben retomar canto antes a normalidade.
- Os nenos e as nenas teñen capacidade para elaborar e superar o proceso de dó.
- Abrir as comportas á comunicación. A verbalización de sentimentos e ideas axuda a avanzar neste proceso.
- A resposta educativa debe ser personalizada e co grao de diversificación que requira cada caso.
- É necesario levar a cabo unha observación sistemática e apoio do alumnado.
- Se algún alumno/a non evoluciona favorablemente, debe avisarse á familia para valorar a derivación.
- O centro pode, posteriormente, priorizar contidos e programas formativos adaptados ás distintas etapas.

